ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

PATACA. A caída xeneralizada da produción propicia unha campaña con bos prezos ▸ 11

CUNÍCOLA. O sector sinala o Grupo Hermi como causa da forte baixada de prezos ▸ 3



Lumes forestais, os expertos analizan as causas e as solucións

Sen prevención e con precariedade laboral, dispárase a terra queimada en 2016 ▸ 16 e 17

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLII - Nº 313 - Setembro-Outubro 2016

ACORDO LÁCTEO: AS GRANXAS ARRUÍNANSE E AS INDUSTRIAS MULTIPLICAN BENEFICIOS



O 23 de setembro de 2015, industria, distribuidoras, cooperativas e organizacións agrarias como Xóvenes Agricultores, baixo a batuta do Ministerio de Agricultura, asinaban un Acordo Lácteo co que se enganaba a todo o sector para rematar coas mobilizacións que se estaban a levar a cabo. Un ano despois, os resultados do acordo e da crise están á vista: mentres que industrias como Lactalis ou Lence multiplicaron os seus beneficios, unhas 900 granxas na Galiza pecharon dende xaneiro de 2015 sen ver recuparación de prezos por ningures. ▸ 8-11



O mildeu e a sarabia estragan unha parte importante da vendima e fan que suban os prezos en varias DOs ▸ 5

APICULTURA. Acción de SLG e AGA para reclamar a Medio Rural e Industria un etiquetado transparente no mel ▸ 12 e 13

CASTAÑA. A propagación da da avespa do castiñeiro ameaza a supervivencia dos soutos de Galiza ▸ 13

MOCIDADE. Encontro n'As Corcerizas na busca de novos espazos para os mozos e mozas do rural ▸ 19

sindicato labrego galego
comisións labregas


EDITORIAL

TTIP e CETA: Xogámonos a soberanía e a seguridade alimentarias de Europa

O pasado 14 de outubro, o Parlamento de Valonia -rexión francófona no sur de Bélxica con 3 millóns e medio de habitantes- votaba en contra do acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Canadá, máis coñecido como CETA (*Compresive Economic and Trade Agreement*). Ao día seguinte, 15 de outubro, as principais cidades de Europa, Canadá e Estados Unidos vivían centos de manifestacións e concentracións contra o TTIP e o CETA convocadas por plataformas e movementos sociais dos dous continentes. Na Galiza, houbo actos apoiados polo Sindicato Labrego Galego nas sete cidades: Compostela, A Coruña, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ourense e Ferrol.

Semella que, a pesares do segredo no que se agachan as negociacións para sacar adiante estes tratados de libre comercio, cada vez son máis as persoas, colectivos e institucións que expresan publicamente o seu rexeitamento a uns acordos que deixarían completamente indefensos e vulnerables aos estados fronte ao poder das empresas multinacionais.

Como xa temos informado noutros Fouce (nº 301, páxs. 22-23), estes tratados de libre comercio serían especialmente lesivos para a agricultura e a gandería europeas de iren cara a adiante. Así levamos anos denunciándoo, e así vén de corroboralo un informe de Amigos da Terra no que tamén participou a COAG. O documento foi presentado en Madrid o 18 de outubro nun acto que contou coa participación da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, e no que se revelaron datos ben preocupantes.



Un bo exemplo dos perigos que encerran o CETA e o TTIP témolo na **seguridade alimentaria**, xa que as normas sanitarias referentes a alimentación son moito máis permisivas na outra beira do Atlántico e, en caso de que se liberalicen as fronteiras, esa normativa non se lle podería aplicar aos produtos que entrasen libremente dende Canadá e EEUU. Máis alá de que na outra beira do Atlántico esterilicen a carne de polo con cloro ou engorden o gando con hormonas, soubemos que, ademais, os casos por intoxicacións alimentarias pola bacteria *E.coli verotoxigenica* en Estados Unidos son un 5.300% máis frecuentes que na UE. O dato vén dunha ratio de 82'5 intoxicacións por cada 100.000 habitantes nos EEUU, fronte a 1'5 casos na UE. E, como ben sabemos, a intoxicación por *E.coli* adoita darse a través do consumo de carne picada contaminada pola toxina que produce a bacteria.

No aspecto económico, no informe afírmase que, nun escenario de eliminación de barreiras arancelarias e non arancelarias, as importacións de Estados Unidos á UE poderían dispararse un 33.505% en carne de ave, un 3.983% en carne de porcino, un 966% en carne de vacún, un 901% no leite en po e un 988% nos queixos. En sectores gandeiros de grande peso na Galiza como o vacún de carne ou o leite, o impacto sería brutal:

- **Vacún de carne:** Segundo as previsións, o sector de vacún de carne veríase gravemente afectado en caso de formalizarse o tratado. A pesares de que EEUU é un destacado importador, tanto de carne de vacún como de bovinos vivos, os seus principais fornecedores a nivel internacional deste tipo de produtos son países que tamén permiten a utilización de métodos de produción prohibidos na UE (Australia, Canadá, México e Nova Zelandia), como os promotores do crecemento ou as fariñas cárnicas. Isto fai que, como en EEUU, teñan custes de produción menores que os europeos e, polo tanto, uns estándares de calidade moi baixos.
- **Leite:** A imposibilidade de que os produtos transformados europeos puidesen competir en prezo cos produtos chegados de EEUU daría lugar a un grave desequilibrio de mercado que se traduciría en excedentes de leite líquido que acabarían por venderse a países deficitarios da Unión Europea, coma o Estado Español, co conseguinte risco de afundimento dos prezos en orixe. Sería o remate para os e as 17.000 gandeiros e gandeiras do Estado trala crise que arrastran.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

COLABORACIÓNS
Rebeca Raso, Henrique Outes e Diego Sánchez Agra

PECHE DE EDICIÓN 20-10-2016

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

CUNÍCOLA ▸ Centos de produtores e produtoras de todo o Estado manifestáronse diante da sede desta empresa en Valladolid para denunciar as súas prácticas comerciais

O sector do coello sinala o Grupo Hermi como un dos causantes da crise de prezos

Pola súa banda, COAG e SLG mantiveron unha xuntanza de traballo no Ministerio de Agricultura para achegar solucións



Representantes de todo o Estado das tres organizacións agrarias maioritarias e de cooperativas do sector cunícola viaxaron até Valladolid, en xullo, para denunciar as prácticas comerciais abusivas e oligopólicas do Grupo Hermi diante da súa sede

Cando xa se cumpren case tres anos do comezo da crise do coello, o sector cunícola deu un paso máis na súa campaña de protestas e levou a cabo unha serie de accións durante este verán que culminaron cunha manifestación diante do grupo empresarial Hermi, en Valladolid. Convocados por COAG e polo SLG na Galiza, amais de UPA, Asaja, Senacun e Conacun, varios centos de profesionais do sector de todo o Estado concentráronse, o 27 de xullo, nas portas da que está considerada a maior empresa cunícola española, co 25% do mercado.

Desde as diversas organizacións agrarias e profesionais denunciamos que o Grupo Hermi exerce un control sobre o mercado que está a provocar a caída do valor da carne de coello e o peche das granxas independentes con prácticas como a imposición de prezos por baixo dos custes de produción na Lonxa de Madrid, que serve de referencia ao resto de España; o control ao seu antollo da interprofesional Intercun; ou a venda a perdas nas grandes superficies comerciais.

Desta maneira, dende 2008 até 2013, as granxas independentes de coellos tiveron escasos ou nulos beneficios. Sería a partir de 2014, co afundimento dos prezos, cando comezaron a sufrir unha sangría de perdas económicas e peches con cotizacións que chegaron a 1'30 euros por quilo, cando os custes de produción están situados en 1'80 euros por quilo.

As propostas de COAG e SLG para paliar a situación crítica das granxas de coellos

Unha semana antes desta manifestación, o 20 de xullo, representantes da COAG e do SLG mantiveron unha xuntanza de traballo no Ministerio de Agricultura onde se fixeron as seguintes propostas:

1. Articulación de axudas directas á produción cunícola, utilizando parte do montante outorgado ao Estado Español no Consello Ministerial de Agricultura da UE do 18 de xullo. Dende o SLG e COAG apostamos por duplicar o orzamento de 14'66 millóns de euros, cun cofinanciamento por parte do Ministerio de Agricultura, até o límite máximo permitido. Estas axudas destinaríanse a aquelas granxas en réxime libre en situación de crise.

2. Ampliación do prazo de carencia dos avais SAECA. Solicitamos ampliar, polo menos a dous anos, o prazo de carencia fixado na orde que convoca as subvencións para obter avais da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) por titulares de explotacións agrarias, xa que nunha situación de marxes negativas resulta complicado que se poida recuperar un investimento nun prazo anual.

3. Autorización do sacrificio na propia explotación e en matadoiros de pequena capacidade: Dende a COAG e o SLG consideramos fundamental, para que os gandeiros e gandeiras do sector cunícola poidan mellorar a súa rendibilidade, que sexan eles mesmos e elas mesmas quen sacrifiquen e comercialicen directamente a súa produción. Deste xeito, poderíase atallar a posición de dominio dos outros elos da cadea e tamén que os gandeiros e as gandeiras puidesen asegurar unha marxe de rendibilidade. Esta medida debería ser aplicable a todo tipo de producións cunícolas.

4. Obriga aos matadoiros para que informen sobre os stocks cos que contan, en liña co que se esixe noutros sectores coma o do aceite de oliva, o viño ou o arroz, de tal maneira que o gandeiro ou a gandeira poidan coñecer a verdadeira situación do mercado.

5. Elaboración por parte do Ministerio de Agricultura dun **índice de referenciación de prezos** que teña en conta distintos parámetros que inflúen no mercado cunícola, tales como o prezo dos pensos, nivel de stocks, consumo, etc

Texto: Xosé García Rodríguez

Liña 401 Seguro de explotación de gando vacún de reprodución e produción

Financiado pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa)


Os seguros da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa) destinados ao gando vacún veñen con importantes cambios neste 2016. O principal é que as antigas liñas de seguros 102, 136 e 185 agora fusiónanse nunha soa: a 401.

Nesta liña 401 recóllense as garantías, os tipos de animais e réximes das anteriores liñas, pero non imos ter tres opcións a elixir. Pola contra, poderemos contratar só aquelas garantías que mellor se adapten á nosa explotación.

Como se pode ver no cadro, a garantía básica cobre: Febre aftosa, EEB, riscos climá-ticos e outros (incendio, raio, inundación, esmagamento por derrube e ataques de animais), morte masiva e saneamento gandeiro básico. O resto de coberturas deben contratarse como garantías adicionais por separado.

A ter en conta:

- **A garantía de mortalidade por diversas causas pode ser contratada de xeito independente para animais reprodutores e non produtivos (recría) en explotacións de aptitude cárnica, substituíndo deste xeito a de "exceso de mortalidade", aínda que agora ten unha franquicia de danos.**
- **Inclúense novas garantías: diminución da prolificidade nas explotacións cárnicas, e da calidade do leite nas lácteas.**
- **Pódese contratar a garantía adicional de mamite para primíparas en carne.**
- **As explotacións lácteas que teñan unha produción anual media superior aos 10.000 kgs. poderán asegurar os animais a un valor superior, aínda que non estean en control leiteiro ou non sexan puros.**
- **Enténdese cría, nesta mesma liña, dende o nacemento do animal até o mes de idade.**



Se precisas máis información sobre esta ou calquera outra liña de seguros para o agro, visítanos na oficina do Sindicato Labrego Galego da túa comarca e pregunta sen compromiso

SUBVENCIÓNS DE ENESA. SEGUROS PARA O GANDO DA NOVA PLATAFORMA PLAN 2016

COD	LIÑAS	SUBV BASE	SUBV. CONTRAT. COLECTIVA	SUBVENCIÓN POR FINANCIACIÓN (SAECA)	SUBV. POR CARACTERÍSTICAS DO/A ASEGURADO/A				SUBV RENOV.	SUBV. RED. RISCO COND. PR OD		ENTIDADES ASOCIATIVAS
					GANDEIRO/A PROFESIONAL	EXPLOT. PRIORIT.	ORGAN. PRODUT.	GANDEIRO/A MOZO/A		PRODUCIÓN ECOLÓXICA	ADSG	
	CÓDIGOS EN PÓLIZA				01	03	02	04		13	08	11
401	S. DE EXPL. GANDO VACÚN DE REPRODUCIÓN E PRODUCIÓN	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
402	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO VACÚN DE CEBO	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
403	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO VACÚN DE LIDIA	26	5	1	10	10	10	10	5	3		49
404	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO OVINO E CAPRINO	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
405	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO EQUINO	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
406	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO AVIAR DE CARNE	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
405	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO AVIAR DE POSTA	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
408	SEGURO DE EXPLOTACIÓN GANDO PORCINO	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
409	TARIFA XERAL GANDEIRA	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
410	SEGURO DE COMPENSACIÓN POR PERDA DE PASTEIROS	26	5	1	10	10	10	10	7			51
411	SEGURO DE EXPLOTACIÓN DE APICULTURA	26	5	1	10	10	10	10	5	3	5	49
415	SEGURO DE RETIRADA E DESTRUCIÓN	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-

VIÑO ▸ Nalgunhas denominacións, como Valdeorras, a caste Godello chegou a pagarse a 2 € por quilo e mesmo máis

Unha epidemia de mildeu estraga parte da vendima pero dispara o valor da uva

Noutras zonas, coma O Ribeiro, mantivéronse prezos baixos como en anos pasados a pesares da caída da produción

Nesta vendima, ao igual que en anos pasados, a Consellaría de Medio Rural estivo completamente desaparecida, de maneira que non houbo nin un só foro de negociación de prezos nin de condicións de contrato entre os axentes do sector. Do mesmo xeito que co lume, que se acaba extinguindo cando veñen as choivas; no sector vitícola este ano predominaron bos prezos porque houbo unha caída xeneralizada da produción debido ás condicións climáticas.

E é que o exceso de choivas e humidade na primavera trouxo canda si unha epidemia de mildeu da que poucas viñas se libraron. Ademais, de maneira moi localizada en zonas da Ribeira Sacra e Valdeorras, os trebóns de sarabia tamén estragaron moitos viñedos.

Desta maneira, e en proporción desigual, houbo explotacións que chegaron a perder o meirande da colleita, mentres que nalgunhas os danos non foron tan grandes e noutras mesmo medraron en produción. Ao peche deste Fouce, aínda non había cifras definitivas ao respecto, polo que os rendementos dos que falaremos a continuación son estimacións.

Valdeorras

Por zonas, onde máis se dispararon os prezos foi en Valdeorras, onde a uva Godello chegou a acadar cotizacións de até 2 € por quilo (o prezo habitual doutros anos era de 1 €). Tamén hai que dicir que a sarabia castigou especialmente esta denominación de orixe, arrasando viñedos enteiros e facendo caer a produción, segundo fontes consultadas, ao redor dun 30%, aínda que dende o consello regulador indicaban a comezos de outubro unha mingua do 10%.

Rías Baixas

Tamén en Rías Baixas melloraron os prezos debido a unha caída da produción en torno ao 10-20%. Por exemplo, no Salnés "*o mildeu varreu viñas enteiras, pero tamén houbo outras que mantiveron a produción e mesmo aumentaron*", relata Benigno Barral, viticultor. Así, os prezos estiveron entre 1'20 e 1'40 € para a uva Albariño, e mesmo a máis, cando o ano pasado se cotizou a 80 céntimos. Algo semellante aconteceu noutras subzonas coma O Rosal ou o Condado de Tea, segundo nos contou Rosario Domínguez Iglesias, viticultora e coordinadora do SLG na bisbarra. "*Tampouco houbo problema para colocar a uva. Mesmo tiñas varias ofertas para escoller e houbo adegas que se comprometeron a mercar o ano que vén a prezos semellantes*". E é que ao baixar a colleita, prevese dar saída aos excedentes de viño doutros anos que lastraban os prezos e a comercialización. "*Deuse o caso*", explicou Rosario, "*de que o Grupo Arnoia pretendía mercar uva a 80 céntimos para fornecer os viños de marca branca dunha grande cadea de distribución, e non houbo quen lle vendese*".

Ribeira Sacra

Ribeira Sacra foi, xunto con Valdeorras, outra das denominacións de orixe onde máis estragos causou a sarabia. Só en Doade (Sober), destruíu uns 400.000 quilos de uva, unha cifra considerable nunha DO na que a produción de 2015 foi de 6 millóns de quilos. As previsións apuntan unha baixada superior ao 15%. Porén, os prezos non subiron tanto como en Valdeorras. E é que nesta DO, antes de cada vendima, as sete grandes adegas -Rectoral de Amandi, Moure, Santa María de Nogueira, Vía Romana, Ponte da Boga, Regina Viarum e Val de Quiroga- reúnense co presidente do consello regulador, José Manuel Rodríguez, para pactar os prezos e evitar así que suban de máis. Por iso, a pesares da escaseza deste ano, na web do consello insistíase na "*estabilidade*" dos prezos. Así e todo, houbo algunhas zonas nas que a uva Mencía alcanzou cotizacións de 1'50 €. Grandes adegas, como Rectoral de Amandi, mantiveron prezos semellantes aos do ano pasado, entre 1'20 e 1 € para a Mencía, pero se viron na obriga de volver recuperar viñas ás que deixaron de mercar en 2013.



A sarabia tamén arrasou numerosos viñedos en Valdeorras e Ribeira Sacra

O Ribeiro

Fóra da tónica dominante, no Ribeiro mantivéronse os baixos prezos doutras vendimas a pesares de que o mildeu fixo auténticos estragos e os golpes de calor minguaron o desenvolvemento dos acios. O prezo de referencia para a Treixadura de calidade medio-alta volveron ser os 80 céntimos. A escaseza de uva si que propiciou que este ano non houbese problemas para colocar a colleita. Aínda que o consello regulador prevía unha caída da produción dun 10%, o viticultor, adegueiro e responsábel do sector do viño do SLG, Bernardo Estévez, afirmaba que a mingua era moi superior ás estimacións oficiais.

Monterrei


As estimacións do propio consello regulador a comezos de outubro apuntaban a unha caída do 40% na produción, dos 4'7 millóns de quilos do ano pasado a 3 millóns este.

Picaresca dalgunhas adegas para burlar a Lei da Cadea Alimentaria

Respecto aos impagos, as débedas anteriores á aprobación da Lei da Cadea Alimentaria mantéñense en moitos casos. Tamén hai adegas que xa buscaron o truco para burlar a Lei da Cadea Alimentaria e poder pagar a prazos. O procedemento consiste en mercar a uva a un prezo base a través de contrato, por exemplo a 30 céntimos por quilo, e pagar ese importe no prazo de 30 días que obriga a lei; o resto, é abonado en concepto de prima por calidades cando o consello regulador certifique que esa uva procede da denominación de orixe e cumpre cos estándares esixidos. Cando iso suceda, normalmente en decembro ou xaneiro, entón volverán ter un prazo de 30 días para pagar o resto do prezo acordado co viticultor ou viticultora. Desta maneira, as adegas poden fraccionar o pagamento sen infrinxir a Lei da Cadea Alimentaria.

Prevención de riscos na aplicación de fitosanitarios

Tes que saber que os agrotóxicos que utilizamos en agricultura son moi perigosos para a saúde humana e poden causar enfermidades graves como infertilidade, malformacións conxénitas, problemas de aprendizaxe e desenvolvemento neuroconductal, obesidade, diabetes, cancro (cerebral, vexiga, estómago, testículos, próstata, leucemia, linfoma de Hodgkin), Alzheimer ou Parkinson. A enfermidade que máis se relaciona coa exposición a agrotóxicos é o cancro de vexiga, unha doenza que, entre 1989 e 2008, causou a morte de 77.412 persoas no Estado Español. A zona do Estado con maior incidencia de cancro de vexiga é a zona occidental de Andalucía, onde hai grandes concentracións de invernadoiros.



Mapa de incidencia do cancro de vexiga en España. En vermello e laranxa as zonas de maior mortalidade

O pesticida máis usado no mundo é o glifosato, que está na lista de químicos potencialmente canceríxenos da OMS. Diversos estudos proban que a práctica totalidade da poboación europea está contaminada con glifosato. Análises de urina realizadas a 48 eurodeputad@s, ou estudos semellantes feitos en Alemaña e Portugal, deron como resultado que o 100% das análises daban positivo no glifosato. En Portugal, esa presenza foi 260 veces superior á permitida na auga potable; no caso d@s europarlamentari@s, 17 veces superior. Se a cidadanía sofre esta intoxicación silenciosa por glifosato, ¿como estaremos os labregos e labregas que o utilizamos no noso traballo?

Consellos para a aplicación de fitosanitarios



MANIPULACIÓN E TRANSPORTE

- Deberás seguir estritamente o indicado na etiqueta e na ficha de datos de seguridade do produto. A ficha de datos de seguridade debe facilitarcha quen che vende o produto.
- O uso de produtos fitosanitarios tamén pode producir alerxias e queimaduras en contacto coa pel, procura manter sempre a pel protexida cando manexes estes produtos (buzos/camisolas/pantalóns largos).
- Axusta ao máximo a cantidade de produto e o volume de auga a empregar, co fin de que non sobre nada.
- Cando realices a mestura do produto faino sempre en lugares abertos e ben ventilados, lonxe de ríos, regatos e fontes.
- Se tes cortes, rabuñaduras e/ou feridas nas mans, procura extremar ao máximo a seguridade na manipulación destes produtos.
- Realiza o transporte destes produtos separados do resto de cousas, a poder ser nalgún envase impermeable que limite o risco de verquido.

EQUIPO

- Utilizar as prendas e equipos de protección individual recomendados na ficha de seguridade do produto.
- Revisar o equipo de aplicación, asegurando que non teña fugas. En caso de deterioro do equipo, amañalo ou cambialo.
- As máscaras de celulosa non son apropiadas para o manexo de produtos fitosanitarios, emprega sempre as recomendadas polo fabricante na ficha de datos de seguridade do produto.
- Se aplicamos con tractor, sempre será preferible un vehículo de cabina pechada dotado de filtros axeitados. De poder, utilizar sempre maquinaria ou equipos que non requiran a presenza directa da persoa.
- En caso de utilizar un aplicador de mochila, cómpre vestirse con roupa impermeable que evite o contacto directo co depósito de fitosanitario.
- Se o aplicador se atasca, nunca soprar para desatascar: utilizar auga ou aire a presión.

CONDICIÓNS AMBIENTAIS

- Evitar a aplicación nas horas do día de máis incidencia solar, especialmente en invernadoiros. Tampouco traballar con altas temperaturas.
- Non fumigar con forte vento. Se hai brisa lixeira, fumigar a favor do vento.
- Non fumigar en días chuviosos ou con risco de choiva.
- En ambientes pechados e con altas temperaturas, asegurar a ventilación e utilizar un equipo de protección respiratoria e dérmica.

APLICACIÓN

- Realizar o tratamento acompañado, cando menos, por outra persoa. Cando teñas outras persoas axudándoche na aplicación de fitosanitarios, procura tamén que se protexan, xa que tamén se vén expostas á perigosidade destes produtos. Durante a aplicación mantén sempre unha distancia de seguridade, e sitúa ás colaboradoras no extremo oposto á dirección do vento e do produto.

Utilizar o equipo e as prendas recomendados na ficha de seguridade do produto





■ O risco varía segundo como sexa a aplicación do produto, así, canto máis fina sexa a pulverización, maior é o risco de intoxicación. Extrema as precaucións cando realices tratamentos de pulverización.

■ Con produtos sólidos e/ou granulados o risco, aínda que menos evidente, tamén está presente xa que o po que se forma durante a súa manipulación penetra no corpo moi doadamente.

■ As persoas maiores e os nenos son especialmente sensibles aos efectos dos produtos fitosanitarios, polo que evitaremos a presenza destes durante os traballos con estes produtos.

■ As mulleres son mais sensibles aos efectos dos produtos fitosanitarios que os homes, polo que deben extremar as precaucións. Mulleres embarazadas e ou lactantes non deberán manipular nin aplicar produtos fitosanitarios, polo grande risco que supón para o feto/meniñ@.

■ Rotación de persoas nas aplicacións. Aconséllase non superar unha exposición (mestura, carga e aplicación) por cada media xornada laboral.

■ Non comer, fumar ou beber durante o tratamento.

■ Non tomar bebidas alcohólicas durante a aplicación nin inmediatamente despois; poden aumentar os efectos dunha posible intoxicación.

■ Non descansar na zona de tratamento.

■ Non tocar a pel durante a manipulación de fitosanitarios.

■ Sabes que, como mínimo, hai que deixar unha franxa sen tratar de 50 metros ao redor de fontes e pozos de auga para consumo humano?

DESPOIS DE APLICAR

■ Lavar ben as mans e a cara cada vez que se faga un descanso e antes de comer, beber, fumar ou ir ao servizo.


■ Antes de quitalos, lavar os equipos de protección individual e deixar secar despois de cada tratamento.

■ Ao rematar, cambiar de roupa no lugar de traballo (non facelo en casa). Lavar as prendas por separado e ducharse con auga e xabrón

■ Logo de realizar un tratamento nunha parcela, como mínimo, non volveremos a ela até que as partes do cultivo que poidan entrar en contacto coas persoas se teñan secado e sempre respectando os prazos que figuren na etiqueta do produto.

■ Se vas a realizar tratamentos en lugares pechados, sinaliza o tratamento e a data a partir da cal se pode acceder á parcela.

■ Desfaite correctamente dos envases dos produtos fitosanitarios, e nunca os reempregues para outros fins.



EN CASO DE INTOXICACIÓN

■ Retirar e afastar á persoa intoxicada da zona na que se estaba a realizar o tratamento.

■ Quitar as prendas de traballo e afastalas.

■ Lavar abundantemente con auga as zonas afectadas.

■ Abrigar á intoxicada.

■ Non administrar nunca nada por vía oral, nin leite, nin alcohol, nin bebida ou comida algunha.

■ Acudir inmediatamente ao médico coa etiqueta ou co envase do produto que estaba a ser empregado.



Revisións médicas

É aconsellable que revises periodicamente a túa saúde. Como ben sabes, a través do Sindicato Labrego Galego podes acceder a revisións médicas gratuítas no Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), xa que a exposición a fitosanitarios durante toda a vida laboral pode causar intoxicacións crónicas sen que nos decatemos.

Nas revisións médicas, informa ao persoal sanitario sobre a exposición laboral que tes con agrotóxicos e reclama análises de sangue para avaliar a presenza de químicos no teu organismo de cara a prever a aparición de enfermidades. Aínda que a Consellaría de Sanidade non inclúe este tipo de análises nas revisións médicas do ISSGA, é preciso que fagamos saber ao persoal sanitario da necesidade destas análises para sensibilizar á Administración.

Infórmate sobre estas cuestións en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego. Tamén tes en detalle o programa das revisións médicas na sección Eira deste Fouce.

Información subvencionada por:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

LEITE ▸ O conxunto de medidas anti-crise aprobado pola Comisión Europea no verán non obriga a reducir a produción, polo que moitos países aproveitarán para aumentar

Bruxelas gastará 1.000 millóns de euros para agravar máis a crise leiteira

Só para en pagar a redución voluntaria gastaranse 150 millóns de euros dos que España levará só 14'6 millóns

A mediados de xullo, o Consello Ministerial de Agricultura da UE, daba o visto bo a un paquete de medidas anti-crise especialmente deseñado para o sector lácteo e ampliable a outros sectores produtivos. Un mes despois, o 26 de agosto, a Comisión Europea concretaba o funcionamento destas axudas e establecía un calendario para a súa execución. Tanto SLG como a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) fomos moi críticos con estas axudas, xa que son simples parches paliativos que, lonxe de achegar solucións, só serven para agravar a crise e, por riba, desbaldirán 500 millóns de euros das arcas comunitarias aos que habería que sumar outros 500 que xa se gastaron en medidas semellantes e igual de ineficaces. Definitivamente, as medidas anti-crise que a Comisión Europea está a aplicar no sector leiteiro son seis:



As medidas anti-crise foron aprobadas polo Consello Ministerial de Agricultura da UE

Cartos para reducir a produción, mudar a modelos máis sostibles e realizar compras de intervención

1. Programa de redución da produción de leite (150 millóns de euros).

Xa se puxo en marcha en setembro e vai dirixido a aquelas granxas que, tendo realizado entregas en xullo de 2016, reduzan voluntariamente a súa produción en períodos de tres meses consecutivos e en comparación co mesmo período do ano anterior. A axuda ascende a 14 euros por cada 100 quilos de leite que se deixen de producir. A redución subvencionable ten que ser, como máximo, do 50% e, como mínimo, debe cubrir 3.000 quilos de leite.

Para acollerse á medida, hai que presentar unha solicitude individual. O 20 de setembro e o 11 de outubro, expiraron o primeiro e o segundo prazo para reducir en outubro, novembro e decembro de 2016; e para novembro e decembro de 2016 e xaneiro de 2017. Os seguintes prazos para solicitar son:

- Antes do 8 de novembro de 2016 ás 12 se a redución se realiza en decembro de 2016, e xaneiro e febreiro de 2017.
- Antes do 6 de decembro de 2016 ás 12 se a redución se realiza nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2017.

Só poderá presentarse unha solicitude por persoa gandeira, excepto se se presenta para os períodos primeiro e cuarto (os únicos períodos que non coinciden no tempo).

Na primeira quenda de solicitudes, en Galiza houbo 782 granxas que pediron a axuda para reducir 10.481 toneladas de leite.

2. Axuda de axuste condicionada (350 millóns de euros).

Para actividades que fomenten o desenvolvemento sostible das explotacións gandeiras:

- Programa de redución da produción de leite a nivel europeo.
- Producións a pequena escala.
- Métodos de produción extensivos.
- Aplicación de métodos de produción respectuosos co medio ambiente o co clima.
- Proxectos de cooperación.
- Implementación de esquemas para promover a calidade e o valor engadido.
- Formación en instrumentos financeiros e ferramentas de xestión de risco.

Cada estado membro ten que decidir antes do 30 de novembro as medidas concretas que adopta entre as devanditas e poderá aplicar as axudas a outros sectores gandeiros ademais do lácteo: vacún, ovino e caprino de carne; e porcino.

3. Axuda asociada voluntaria.

Os estados membros terán a posibilidade de establecer excepcións á obriga de manter o tamaño dos rabaños en 2017 (nun intento de que a axuda non constitúa un incentivo para incrementar a produción). Isto suporía que poderían concederse as axudas acopladas ao vacún de leite en 2017. Esta excepción será só válida en 2017 en base aos animais xustificados en 2016.

4. Intervención pública de leite desnatado en po

A intervención pública do leite desnatado en po (LDP) estenderase até finais de febreiro de 2017. O límite máximo ata o cal se mercará LDP a prezo fixo ficará en 350.000 toneladas até finais de decembro de 2016.

5. Ampliación das axudas ao almacenamento privado de leite desnatado en po

Tanto o esquema estándar (entre 90 e 210 días de almacenamento) como o mellorado (365 días de almacenamento) estenderanse ata finais de febreiro de 2017.

6. Anticipos.

Permitirase aos estados membros anticipar, a partir do próximo 16 de outubro, ata o 70% dos pagamentos directos e o 85% dos pagamentos de desenvolvemento rural vinculados á superficie sen a necesidade de que se completasen os controis sobre o terreo.

SEGUE ▸

Os países culpables da sobreprodución serán os que saquen maior tallada coas novas axudas

As medidas aprobadas pola Comisión Europea para afrontar a crise nos sectores agrogandeiros, e especialmente no lácteo, non só non solucionarán nada, senón que ameazan con agravar a vulnerabilidade de miles de granxas en toda a Unión Europea que están a ser expulsadas do mercado e entre as que se inclúen as 8.800 que sobreviven na Galiza.

Tanto o SLG como a ECVC defendemos dende o comezo desta crise -vinculada á desaparición do sistema de cotas- a necesidade de establecer controis públicos sobre a produción de leite e do mercado que busquen un equilibrio entre a oferta e a demanda e eviten excedentes que afundan os prezos. Porén, o único control que implanta a Comisión Europea neste paquete de accións será voluntario e, polo tanto, parcial e ineficaz.

Até agora, as medidas de carácter voluntario fracasaron estrepitosamente, e farano outra vez porque segue a haber países na Unión Europea, como Irlanda ou Holanda, que están manifestamente interesados en seguir incrementando a súa produción leiteira para conquistar maiores cotas de mercado. É dicir, segue a haber países que aproveitarán a baixada voluntaria para aumentar, de maneira que mentres nunhas zonas da UE se baixará e abandonará a produción de leite, noutras tenderá a incrementarse e concentrarse.

Aínda que os 500 millóns das axudas pareza unha cantidade enorme, deses cartos 350 millóns serán para axudar a sectores en crise e, dese diñeiro, ao Estado Español correspóndenlle 14,6 millóns, pouca cousa se o comparamos coa asignación que levan os principais culpables do aumento descontrolado da produción láctea que afunde o mercado e os prezos na UE: Polonia (22'6 millóns), Alemaña (57,9 millóns), Irlanda (coa décima parte de poboación que España, 11 millóns), Francia (49,9 millóns) ou Países Baixos (22,9 millóns).

En canto ao resto de axudas, máis do mesmo: prorrógase, unha vez máis, a intervención e o almacenamento de leite desnatado en po, medida que xa se vén aplicando e que resulta totalmente ineficaz e insultante se temos en conta os prezos miserables que pagan por este leite (17-19 céntimos o litro); ou o anticipo do 70% dos pagos directos da PAC e do 85% das axudas ao desenvolvemento rural ligadas a superficie, un adianto de subvencións que xa se tentou facer o ano pasado na Galiza e que fracasou no meirande dos casos por problemas burocráticos.





Unha das novas que máis indignaron o sector lácteo este verán foi o anuncio de que Lactalis triplicou os seus beneficios no último exercicio. Non é de estrañar cos prezos de miseria aos que merca a materia prima dos seus produtos. Nas imaxes, asedio das instalacións de Lactalis en Laval por gandeiros e gandeiras de Franza; a pancarta do tractor di: "Prezos, non subvencións"

Galiza non conta na reconversión do sector lácteo apoiada pola Comisión Europea

Dende o SLG denunciamos que estamos diante dunha reconversión encuberta do sector leiteiro que están a executar as industrias coas súas prácticas comerciais e que está sendo apoiada e favorecida pola Comisión Europea coas súas políticas. Con esta reconversión, preténdese concentrar a produción leiteira nunhas poucas zonas e países a costa de desmantelala no resto do territorio europeo. No Estado Español, Galiza non interesa por ser periferia e está a ser sacrificada cuns prezos medios miserables e uns contratos leoninos que están a provocar a ruína das nosas granxas.

Que as medidas da Comisión Europea son cómplices dos abusos das industrias vese ás claras no limbo de medio ano que pasará até a súa aplicación en marzo de 2017. Até entón, as industrias poderán seguir perpetrando as súas prácticas comerciais usureiras e mafiosas sen que as granxas teñan ningún apoio público para paliar o seu impacto brutal; despois tamén o poderán seguir facendo, pero as explotacións terán axudas.

Así, as nosas granxas seguirán padecendo abusos como ter que vender a súa produción a prezos de leite en po cando vai ser procesado como leite líquido; apandar con valores en torno aos 20 céntimos coa escusa de que non hai saída comercial para o produto; ver multinacionais como Lactalis triplicar os seus beneficios mentres o tecido produtivo galego se esborralla; ou padecer abusos manifestos como os de Leite Rio que, coa escusa das calidades, está pagando o leite nalgunhas granxas a 11 céntimos o litro.

SEGUE ▸

Isabel Vilalba advirte en Bruxelas que as medidas da CE levan á creba do sector lácteo

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, participou na xuntanza do Observatorio do Mercado do Leite (Milk Market Observatory-MMO) do 6 de setembro, en Bruxelas, convocada pola Comisión Europea. Isabel Vilalba formou parte da representación da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), e centrou o seu traballo en dous puntos da orde do día: a presentación dun informe sobre a situación das granxas europeas a nivel de custes de produción e ingresos (esta exposición foi da ECVC xunto co European Milk Board-EMB) e unha intervención oral que estivo centrada en denunciar o fracaso das medidas tomadas até agora e anunciadas para os vindeiros meses pola Comisión Europea.

O prezo do leite caeu unha media de 11 céntimos por litro nos últimos dous anos

Cos últimos datos publicados, o leite cru pagouse a un prezo medio na UE de 25'54 céntimos o litro no mes de xullo, experimentando un afundimento sen precedentes se o comparamos co valor de hai un ano, en xullo de 2015, cando se situaba en case 30 céntimos, e moi lonxe tamén dos 36'49 céntimos de setembro de 2014. Isabel Vilalba criticou estes prezos, "*cos que as granxas europeas perderon uns 11 céntimos de media por litro nos últimos dous anos, de maneira que, en xullo de 2016, había 16 países comunitarios con prezos inferiores aos 25 céntimos. Dende o segundo trimestre de 2015, o prezo medio do leite é inferior aos custes de produción, e miles de granxas seguen pechando*".

Para ilustrar os peores efectos desta crise, Isabel Vilalba recordou casos como o de **Croacia**, que no primeiro semestre de 2016 reduciu a súa cabana gandeira en 4.000 vacas, certificou o peche de 1.500 granxas e reduciu a súa produción un 8%; ou **Galiza**, onde cesaron a súa actividade 600 granxas entre xullo de 2015 e xullo de 2016. Precisamente, a secretaria xeral do SLG incidiu no caso galego, "*co peche do 33'56% das granxas nos últimos sete anos; aínda cun prezo medio preto dos 26 céntimos, hai que denunciar liquidacións de até 11 céntimos por litro, coa imposición de parámetros de calidade e descontos abusivos por parte da industria, ameazas de non recoller, etc*".



As industrias maximizan beneficios mentres as granxas se arruínan

Isabel Vilalba contrapuxo a situación crítica das granxas co incremento espectacular das ganancias en moitas industrias, como Lactalis Ibérica, que triplicou beneficios respecto a 2015 (ver páxina seguinte). Na base deste sistema onde as granxas se arruínan e as industrias maximizan beneficios, Isabel Vilalba denunciou "*un sistema de contratos no que os prezos e as condicións son fixadas unilateralmente pola industria*".

Fronte a isto, "*a lexislación debe protexer as persoas produtoras con referencias obxectivas de custes de produción que sexan a base dunha cadea de valor sostible na que a marxe de cada unha das partes estea garantida. Non podemos seguir utilizando os prezos internacionais dos produtos lácteos como referencia, pois trátase de valores arbitrarios, en gran parte especulativos e de gran volatilidade que, case sempre, obrigan ás granxas a vender por baixo de custes.*

As medidas anti-crise non tocan as raíces do problema

Nesta conxuntura, a representante da ECVC criticou o fracaso das medidas emprendidas até agora pola CE para enfrontar a crise, como as destinadas á redución voluntaria da produción: "*de xaneiro a xuño de 2016, a produción aumentou un 3'3% con respecto ao mesmo período de 2015, mentres que os prezos seguiron en caída libre*".

A conclusión á que estamos chegando na ECVC é que, baixo esta crise, "*estase levando a cabo unha profunda reconversión do sector: incentivando o aumento nalgunhas granxas e zonas, ao tempo que se ameaza con deixar de recoller ou se extorsiona con prezos misérrimos a outras explotacións*".

"*As últimas axudas aprobadas pola Comisión Europea son unha aberración*", afirmou Isabel, "*pois ao non haber límites máximos de produción, o descenso do volume produtivo nunhas granxas permitirá que outras aumenten, anulando todos os esforzos para estabilizar o mercado e expulsando, pouco a pouco, as granxas que reduzan voluntariamente. En definitiva, estas axudas suporán un financiamento ao peche de granxas e a reconversión industrial do sector*".

A solución? Regulación pública da produción leiteira a nivel europeo

Tras varios meses de medidas anti-crise, cada vez é máis evidente que a Comisión Europea está condenando á desaparición miles de granxas e á irrelevancia o sector lácteo en amplas zonas rurais de Europa. Cando a maioría do sector lácteo está de acordo en que é necesaria e urxente unha redución concertada e obrigatoria da produción a nivel europeo, a Comisión pásalle a pelota aos estados para que cadaquén faga, de maneira voluntaria, o que lle veña en gana.

En nome da ECVC, Isabel Vilalba defendeu a regulación pública da produción leiteira a nivel europeo para evitar excedentes e prezos en orixe por baixo dos custes de produción, a través dunha xestión dinámica acorde á demanda. Tanto para a ECVC, como para o SLG, ningunha granxa é prescindible e cómpre deter a sangría de peches xa. É necesario manter moitas granxas en activo nos diversos territorios, prestando especial atención aos máis vulnerables, como as zonas de montaña, periféricas ou desfavorecidas.

E, para acadar todo o devandito, dende a ECVC defendemos medidas concretas como programas de axudas para apoiar a extensificación das granxas e a creación ou mantemento de modos de produción autónomos e eficientes. Ao remate da súa intervención, a secretaria xeral do SLG advertiu que "*tarde ou cedo, a Comisión terá que propoñer un instrumento de control da produción se non quere levar á creba total ao sector lácteo europeo*"

SEGUE ▸

A crise engorda as contas da industria: Río gaña 13 millóns e Lactalis triplica beneficios

Neste verán, Lactalis foi noticia por dous feitos ben distintos. Por unha banda, as súas políticas agresivas de prezos provocaron unha vaga de manifestacións gandeiras na súa contra en Franza; por outra, fixo públicas as súas contas de resultados e as das súas filiais de 2015: Leche de Galicia, subsidiaria galega do grupo, presentou un beneficio de 2,5 millóns; Lactalis Puleva, de 19,8 millóns, o dobre que en 2014; Puleva Food, de 10,5 millóns; Lactalis Forlasa, de 5,3 millóns; e Lactalis Food Service, de 5,6 millóns.

Malia as ganancias históricas de Lactalis, arredor de 1.200 produtoras e produtores galegos que lle venden viron de novo rebaixados os prezos do leite debido ao contrato abusivo que a empresa lles fixo asinar no mes de xullo, con fórmulas que dan como resultado un prezo inferior ao que se paga de media en Galiza, que xa é o máis baixo do Estado. Co último prezo medio, que na nosa terra non chega aos 27 céntimos, a fórmula da multinacional francesa daría un prezo inferior a 26 céntimos. Ademais, o contrato pretendía incluír a posibilidade de adiar dous meses o pagamento, o cal é ilegal. segundo a lei que regula os pagamentos de produtos perecedoiros; e tamén esixía confidencialidade para garantir que todos estes abusos non saian á luz e, deste xeito, poder seguir operando con total impunidade.

A outro que tampouco lle foi mal foi a Jesús Lence, presidente de Leite Río, cuxa empresa obtivo 13 millóns de euros de beneficios en 2015 a pesares de reducir drasticamente a súa cifra de negocio. Isto enténdese por unha forte redución dos custes da empresa na que, sen dúbida, influíron os baixos prezos aos que merca o leite. Río adoita a aplicar rebaixas inxustificables no prezo coa escusa das calidades. Dende o SLG, denunciamos liquidacións nas que o prezo final resultante que Río lle paga a algunha granxa é de 11 céntimos por litro.

Velaí os resultados do Acordo Lácteo de Madrid: as industrias están a facer o seu agosto coa crise mentres as granxas sobreviven as que poden, e as que non teñen que pechar. **FIN ■**

PATACA ▸ O exceso de choiva primaveral estragou moitas sementeiras e atrasou os cultivos e a colleita case un mes

A caída da produción de pataca fai subir os prezos respecto ao ano 2015

Pese ás boas cotizacións, houbo contiosas perdas nos rendementos e explotacións que perderon boa parte da campaña

A comezos de outubro, aínda estaban na Limia comezando a apañar as patacas, xa que esta campaña leva ao redor de un mes de atraso debido a que as choivas de primavera fixeron perder unha primeira sementeira e obrigaron a sementar con atraso. Ademais, o rendemento por hectárea tamén baixará, xa que as noites excesivamente cálidas fixeron medrar moito as plantas en detrimento do tubérculo. A este factor habería que engadir o feito de que moitas explotacións vaian esfollar as plantas para secalas e adiantar a colleita porque, ao ir con atraso, hai medo de que cheguen as choivas de outono e dificulten a recollida e acceso ás fincas.

Esta falta de oferta súmase á caída da produción no Estado e en toda Europa, fundamentalmente por incidencias climáticas. Así, entre finais de setembro e comezos de outubro, a pataca estábase a pagar na Limia a prezos que roldaban os 45 céntimos, moi lonxe dos 11 céntimos por quilo que se pagarán polas patacas comprometidas a través de contratos.

O previsible é que os prezos vaian baixando a medida que vaia aumentando a pataca apañada e comece a entrar produto de fóra. Así e todo, este último factor non será tan impactante como outros anos: segundo a Agrupación de Produtores de Pataca do Noroeste de Europa (NEPG) -na que están Francia, Reino Unido, Alemaña, Bélxica e Holanda-, prevese unha colleita nestes países de 24'91 millóns de toneladas, o que supón un 1'6% menos que na anterior campaña. E iso a pesares de que aumentaron a sementeira nun 4'8% respecto a 2015, plantándose 552.000 hectáreas.



Boa parte da colleita de pataca da Limia houbo que apañala en outubro

Ademais, a seca tamén atrasou a colleita, polo que a pataca que entra no Estado dende Europa tamén retardará a súa chegada. Outros países do sur, como Italia, tamén verán reducida a súa produción en varias rexións pataqueiras ao redor dun 30%.

En canto a comunidades veciñas, como Castela e León, tamén aumentou a superficie sementada de pataca nun 5'6% con respecto ao ano pasado, chegando a 19.882 hectáreas. Aínda así, é menos superficie sementada que en 2014. Isto explícase porque en 2015 diminuíu nun 9% a sementeira. En Castela e León, os prezos estaban entre 30 e 35 céntimos por quilo a comezos de setembro, e foron baixando a medida que avanzaba o mes a un abano entre os 25-30 céntimos pola presión dos supermercados.

APÍCULTURA ▸ O 19 de outubro rexistráronse escritos dirixidos a ambas consellarías e mantívose unha xuntanza coa directora xeral de Comercio para tratar a problemática

SLG e AGA reclaman a Industria e Medio Rural unha etiquetaxe clara no mel

A acción estivo coordinada a nivel estatal pola COAG e levouse a cabo en cidades como Barcelona, Sevilla, Murcia, Valencia ou Madrid





A principal ameaza da velutina na apicultura é que as abellas se pechen na colmea para protexerse e deixen de producir mel

O 19 de outubro, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Isabel Vilalba Seivane, e a técnica da Asociación Galega de Apicultura (AGA), Laura García Sáez, rexistraron sendos escritos dirixidos ás consellarías de Industria e Medio Rural para que lle esixan ao Goberno do Estado cambios lexislativos para posibilitar unha etiquetaxe transparente no mel na que se detalle, entre outros aspectos, o país ou países de orixe do produto. Ese mesmo día, nunha comitiva na que tamén estiveron Xesús Asorey (AGA) e Diego Sánchez Agra (SLG), mantiveron unha xuntanza coa directora xeral de Comercio, Sol María Vázquez Abeal, para expoñerlle a problemática denunciada.

Esta acción estivo coordinada con outras semellantes en Santander, Murcia, Guadalaxara, Barcelona, Logroño, Sevilla, Zaragoza, Valencia e Mérida que se levaron a cabo no marco dunha campaña organizada pola COAG.

No escrito presentado e na xuntanza mantida coa directora xeral de Comercio, falamos da Directiva 2001/110/CE do Mel, que permite etiquetar o produto importado como «mestura de meles orixinarios da CE», «mestura de meles non orixinarios de CE» e «mestura de meles orixinarios e non orixinarios da CE»;. Porén, hai países como Italia que lexislaron para que sexa obrigatorio indicar na etiqueta o país ou países de orixe onde o mel fose recollido no caso de meles orixinarios de dous ou máis estados membros ou terceiros.

No Estado español, actualmente, séguese etiquetando meles de fóra da UE como *"mestura de meles UE - non UE"* (en casos de adición de pequenas cantidades de mel europeo ás mesturas) sen indicar os países nos que os meles foron recollidos; ou etiquetando como *"mestura de meles non UE"* sen indicar se o mel comercializado provén de China ou de Ucraína. Desta maneira, as grandes operadoras estatais están a mercar mel chinés de dubidosa calidade a prezos de miseria, inferiores a 2 € o quilo, ao que lle engaden unha ínfima parte de mel de países europeos onde tamén se merca barato, como Romanía, e o etiquetan finalmente como *"mestura de meles UE-non UE"*.

Por todo isto, dende o Sindicato Labrego Galego e AGA pedímoslle ás consellarías de Medio Rural e Industria que insten ao Goberno a traballar no Real Decreto 1049/2003 sobre a norma de calidade relativa ao mel (así como a súa posterior modificación, o RD 473/2015), para introducir un cambio normativo semellante ao realizado en 2006 en Italia. Así, o noso sector apícola podería diferenciar as súas producións fronte ás doutros países, e os consumidores e consumidoras coñecerían a orixe dos meles que consumen.

A seca e a avespa velutina provocan unha forte caída na produción de mel galego

A produción de mel galego de 2016 verase reducida entre un 30% e un 40% a causa da seca. Esta mingua será aínda máis drástica na provincia de Ourense, onde a caída pode chegar ao 50%. Así o estima o secretario técnico de AGA, Xesús Asorey, para quen a produción de mel tamén se verá afectada pola expansión da avespa velutina: "*a praga está fóra de control e, hoxe en día, podemos atopar niños de velutina en máis de 200 concellos*".

Está claro que as medidas desenvolvidas até agora pola Xunta non están servindo. Os motivos do fracaso poden ser moitos, dende a falta de eficacia dos métodos utilizados, até a escaseza de recursos destinados a esta loita. Asorey critica a falta de transparencia da Xunta, xa que non está a transcender ningún tipo de información: nin que empresas foron contratadas para facer os traballos de control e erradicación, nin os métodos empregados, nin os datos estatísticos da campaña.

Outro factor que pode influír na expansión da velutina é a falta de coordinación entre as consellarías presentes na comisión de seguimento da campaña. Agora mesmo están Medio Rural, Medio Ambiente e Presidencia; e queren incluír Sanidade.

Necesidade urxente de unificar a xestión

Diante desta situación, dende AGA solicitaron unha reunión urxente na que se pedirá, entre outras medidas, que a campaña de control e erradicación sexa coordinada por un único organismo, que se declare praga a invasión da velutina e a habilitación de axudas para as persoas afectadas.

Respecto ao impacto no sector apícola, Asorey explica que os danos máis importantes non teñen tanto que ver coa morte de abellas, como con que as colmeas se volven improdutivas, xa que as abellas, diante da ameaza, refúxianse nas colmeas sen saír e a produción de mel cae.

SEGUE ▸

A pesares de baixar a oferta de mel, as industrias forzan a manter os prezos artificialmente baixos

A nivel estatal, a seca tamén provocou unha redución da colleita de mel en torno ao 40%. A pesares desta caída, factor que debería influír nun aumento dos prezos, o valor do mel no Estado estase a manter artificialmente baixo. Ángel Díaz, responsábel do sector apícola de COAG, denunciou que "*a pesares da mala colleita, a industria envasadora continúa coa súa estratexia de paralizar de maneira intencionada a compra de mel español para manter os prezos afundidos*". O resultado é que, por primeira vez dende hai moitos anos, as cotizacións de mel no Estado español atópanse por baixo dos custes de produción, a 2'65 € o quilo. Dende novembro de 2015, o prezo do mel milflores caeu un 30%.

Na Galiza, mellores prezos

Ao tempo que as industrias paralizan a compra de mel español, seguen aumentando as importacións de mel chinés de baixa calidade, pero cun cambio de estratexia. Agora, en troques de traer o mel directamente de China, impórtase mel chinés a través de terceiros países como Portugal (a 1'45 €/quilo), Arxentina (1'87 €/quilo) ou Uruguai (2'16 €/quilo) para agachar a súa orixe auténtica. Como xa vimos na páxina anterior, unha vez dentro do Estado, a fraude complétase tirando da normativa sobre etiquetaxe, vendéndose mel chinés cun pouco de mel europeo como *"mestura de me-les UE-non UE"*.

Pola súa banda, Galiza estase a salvar desta caída de prezos, xa que na nosa terra predomina a venda de mel envasado e non a granel. Algunhas das principais comercializadoras de mel galego, como Erica Mel, estalle a pagar aos seus máis de 350 socios e socias 4 € por quilo. **FIN ■**





De esquerda a dereita: exemplar adulto de *Dryocosmus kuriphilus* e bugallos que forma nas follas para depositar ovos

CASTAÑA ▸ A Consellaría de Medio Rural iniciou unha loita biolóxica contra a praga a instancias do Consello Forestal Galego e de organizacións coma o SLG

Os soutos da Galiza en perigo pola expansión da avespa do castiñeiro

A presenza deste insecto na nosa terra detectouse en 2014 e xa se propagou por varias comarcas de Ourense e Lugo

A avespa do castiñeiro é un pequeno himenóptero (os adultos miden menos de 3 mm). Pode chegar a ser moi prexudicial para as diversas especies de castiñeiro, entre eles o *Castanea sativa*, de onde sae a castaña para consumo alimentario.

Trátase dun insecto orixinario de China. Detectouse en Europa (Italia) por primeira vez en 2002. Dez anos despois, comezou a propagarse pola Península Ibérica e, no ano 2014, detectouse por primeira vez na Galiza, en varias comarcas de Ourense e Lugo. Este verán, o secretario técnico da Rede Estatal do Castiñeiro, Roberto Rubio, advertía que a praga está a ser catro veces máis rápida do que se agardaba.

As medidas de contención realizadas até o de agora, como a tala ou poda das árbores afectadas, resultaron totalmente insuficientes. Neste senso, o medio para combater a praga máis efectivo está a ser a loita biolóxica coa solta do *Torymus sinensis*, un parasito natural da avespa do castiñeiro, que require permiso da Administración.

Na Galiza, o persoal técnico da empresa Servizos Agrarios Galegos (Seaga) fixo unha primeira solta experimental de *Torymus* en 2015 no concello de Toén (Ourense), onde o impacto pola praga estaba a ser máis que evidente na perda de produción de castaña. Posteriormente, nun pleno do Consello Forestal, varias asociacións -entre elas o Sindicato Labrego- pedímos expresamente á Consellaría de Medio Rural que realizase os trámites diante do Ministerio de Agricultura para axilizar a autorización de ceiba do *Torymus* diante do avance da praga na nosa terra. Meses despois, a Consellaría ordenaba a liberación de preto de 15.000 exemplares de *Torymus sinensis* en varios municipios afectados, aconsellando que se notifique a presenza da avespa do castiñeiro alí onde se detecte.

Os danos van dende a perda da colleita á morte da árbore

Os primeiros síntomas de que un castiñeiro está parasitado por esta avespa son unhas inchazóns (bugallos) de cor verde ou avermellada que se forman nas pólas máis novas, pecíolo e nervios centrais das follas. Aí será onde as avespas adultas depositen os ovos. En cada bugallo pode haber até 20 ovos, e unha avespa pode depositar uns 100 dende finais de maio a xullo.

Se chegamos a atopar entre 4 e 6 bugallos por póla de inverno duns 50 cms, as perdas poden chegar ao 50% da colleita. Ao segundo ou terceiro ano da infestación, un souto pode ter xa perdas entre o 50% e o 80%, e mesmo do 100% nas variedades híbridas de castiñeiro máis sensibles. Os danos da avespa aos castiñeiros poden ir dende a perda dos froitos até a morte das propias árbores. Ademais, a presenza de bugallos incrementa o risco do chancro, causado polo fungo *Cryphonectria parasitica*.

Ademais da loita biolóxica co *Torymus sinensis*, tamén se pode recorrer á poda en verde. Hai que facela 20 días despois da emerxencia das avespas adultas (finais de maio), podendo acadar un 95% de xermolos sans no ano seguinte. Tamén hai variedades resistentes ou tolerantes aos danos desta avespa, como o castiñeiro xaponés ou o híbrido *C.crenata x C.sativa*, pero esta opción de control só daría resultados a medio e longo prazo.



PDR 2007-2013 ▸ Os cartos perdidos para desenvolvemento rural soben a 74 millóns se contabilizamos a parte que lles correspondía poñer á Consellaría e ao Ministerio

A perda de 56 millóns do PDR certifica o desmantelamento de Medio Rural

Bruxelas publica as cifras definitivas nas que se confirma que a Xunta só executou 93'71% da súa asignación

Este verán coñecéronse as cifras definitivas da execución do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2007-2013, coas que se confirma que Galiza perdeu case 56 millóns de euros de fondos europeos que deixou sen gastar. O PDR 2007-2013 para Galiza contaba cunha asignación de 888.801.564 euros do FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural).

Deses cartos que tiña para gastar, Galiza só executou o 93'71% (832.855.187 euros), polo que deixou sen investir 55.946.377 euros. Desta maneira, Galiza está entre as seis comunidades do Estado que non chegan á media de execución do PDR, xunto a Madrid, Andalucía, Estremadura, Baleares e Valencia.

O feito é grave se temos en conta que a Consellaría de Medio Rural tivo un prazo adicional de dous anos para executar os programas. Tal e como informamos no Fouce 311 (páx. 19), a cifra elévase a 74 millóns de euros se temos en conta que, aos cartos de Bruxelas quedaba por engadirlle a parte que lles correspondía poñer á propia Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura.

MEDIO AMBIENTE ▸ Só cobren do 15 de xullo ao 10 de outubro e deixan os estragos do resto do ano sen cobertura

Axudas polos danos do xabaril: nova burla ao agro

O Diario Oficial de Galicia publicou, o 15 de xullo, a orde que regula as axudas para paliar os danos do xabaril sobre os cultivos que, unha vez máis, non só decepciona aos sectores agrogandeiros, senón que semella unha burla cara a eles.

Para empezar, en 2016 só se concederán axudas para paliar os danos feitos polo xabaril en cultivos do 15 de xullo ao 10 de outubro (non chega 3 meses), quedando os restantes 9 meses sen ningún tipo de cobertura. Deste xeito, os abondosos estragos producidos en cultivos como os cereais ou a pataca antes do 15 de xullo ficarán sen compensar.

Por se non abondase, dende a Consellaría de Medio Ambiente publicitaron que este ano destinarán un orzamento de 600.000 euros para toda Galiza para reparar as desfeitas do xabaril, cantidade irrisoria se a comparamos coas partidas de concellos como Somiedo, na veciña Asturias, onde investirán 300.000 euros para compensar os danos da fauna salvaxe no agro.

Unha vez máis, a Xunta deixou na estacada aos labregos e labregas e volveu facer gala do seu pasotismo. Xa non só seguimos sen ter unha política para xestionar a convivencia da fauna salvaxe coas actividades forestais e agrogandeiras; senón que as axudas que se dan para compensar os danos seguen a ser insuficientes, sempre e cando teñas dereito a elas e a paciencia suficiente para cobralas.

MEDIO AMBIENTE ▸ 80.000 toneladas de lixo anuais para unha zona de alta carga gandeira

O SLG coa veciñanza de Lesta na oposición contra un vertedoiro

Apoiamos accións como a creación dunha plataforma ou a recollida de sinaturas

As compañeiras do SLG na comarca de Ordes mantiveron varias xuntanzas coa veciñanza da parroquia de Lesta, en Ordes, para falar da ameaza de construción dun vertedoiro pola empresa Reciclaje Ambiental Lesta SL. Do mesmo xeito que o resto da comarca ordense, Lesta ten unha forte carga agrogandeira e a súa principal actividade económica é a produción de leite. Dado que o proxecto de vertedoiro pretende utilizar parcelas que se beneficiaron dun proceso de concentración parcelaria, a súa execución poñería en perigo a base territorial das granxas da zona.

Este vertedoiro construiríase nas inmediacións do complexo Sogama e estaría deseñado para recibir 1.654.169 toneladas de lixo nos lugares de Porto Fieito e Fonte de Trigo nun período de dúas décadas, a razón de 82.708 toneladas por ano. Aínda que a vida útil do vertedoiro sería de vinte anos, os veciños e veciñas de Lesta advirten que "a proximidade a Sogama fai presumir que nun futuro se unirán, dada a escasa distancia entre eles, resultando un dos maiores vertedoiros de Europa".

Ameazadas especies protexidas e o fornecemento de agua potable a Compostela

Aínda que os principais motivos que levaron ao SLG a expresar o seu apoio e solidariedade coa veciñanza de Lesta e a súa loita contra o vertedoiro tiñan que ver co impacto sobre a actividade labrega, cómpre non esquecer as ameazas deste proxecto sobre aspectos como o medio ambiente ou a saúde. Hai que ter en conta que a súa execución afectaría especialmente á calidade do aire na bisbarra e ao sistema fluvial do río Lengüelle, afluente do Tambre e fornecedor de auga de núcleos urbanos tan importantes como Santiago de Compostela. Dende o punto de vista da biodiversidade, o vertedoiro suporía unha seria ameaza sobre a poboación dunha especie anfibia moi vulnerable e protexida como a ra de San Antón. Aínda que o proxecto foi denegado pola Consellaría de Medio Ambiente o pasado mes de febreiro, a empresa promotora volveu solicitar licenza no mes de xullo cun novo proxecto corrixido.

Por todo isto, o Sindicato Labrego Galego apoiou accións como a recollida de sinaturas contra o vertedoiro, a asistencia o pleno extraordinario onde se debateron estas cuestións, ou a creación dunha plataforma comarcal que nos defenda deste e doutros proxectos similares que se pretendan levar a cabo; neste senso, cómpre lembrar que, recentemente, pretendeuse desenvolver un proxecto semellante na parroquia de Campo, no concello de Trazo.



A parroquia de Lesta está a un quilómetro do vertedoiro de Areosa especializado en restos animais



LUMES ▸ Este ano, os incendios volveron arrasar Galiza de extremo a extremo cunha virulencia non vivida dende 2006. Sen que a Xunta publicase aínda datos definitivos sobre os lumes deste verán, temos cifras parciais que apuntan a que 2016 será unha das peores campañas en cuestión de incendios.

Volve arder Galiza

A comezos de setembro estimábase que arderan na Galiza unhas 16.000 hectáreas, cifra que supera a superficie total ardida en 2015 (11.802 ha) e multiplica por 8 a de 2014 (2.003 ha). Lumes como os de Oímbra e Entrimo (6.000 hectáreas), Arbo (1.583 ha.) ou Porto do Son (1.600 ha.), puxeron en xaque moitos núcleos habitados e uns servizos de extinción moi pobres en recursos, fragmentados, semi-privatizados e coordinados de maneira errática dende a Consellaría de Medio Rural.

Coma tódolos anos, tamén houbo diversas manifestacións e protestas sinalando a inexistencia dunha política de prevención e o malgasto de recursos unicamente orientados só a apagar os lumes.

Neste número de Fouce, quixemos achegar a opinión de varios expertos e experiencias que apuntan as causas polas que Galiza arde un ano si e outro tamén. Para iso, botamos man dunha palestra ao redor desta cuestión celebrada no centro social Madia Leva! (Lugo), o pasado 16 de setembro; e da opinión do enxeñeiro forestal que coordina a Asociación Frouma, Diego Sánchez Agra.



A precariedade laboral e temporalidade dos traballadores e traballadoras de Seaga tradúcese na inexistencia dunha política de prevención de lumes para Galiza

"Hoxe en día temos na Galiza máis eucaliptos plantados que Australia"



Xosé Manuel Rodríguez, brigadista forestal de ampla experiencia e membro de Adega, centrou a súa intervención en ofrecer datos sobre o ordenamento forestal da Galiza. Tirando do Inventario Forestal Nacional de 1997-2007 (IFN3), Xosé Manuel explicou que dos 3 millóns de hectáreas que suma o territorio galego, o 69% son forestais -48'2% de arborado, 20% de matogueira- e o resto agrícola e doutros usos.

Comparando o IFN3 co correspondente ao período anterior (1987-1997), descubriu un estancamento das frondosas autóctonas (400.000 hectáreas) e un aumento descontrolado dos eucaliptos que, nunha soa década chegaron a ocupar 725.000 hectáreas, invadindo 188.000 ha máis. En consecuencia, "*hoxe en día temos na Galiza máis eucaliptos plantados que Australia: 80 millóns de unidades*".

Xosé Manuel Rodríguez defendeu a necesidade de rematar co negocio do lume, facendo que os servizos de prevención e extinción sexan públicos na súa totalidade; e recuperar os usos tradicionais do monte como a roza de matogueiras, a creación de pasteiros e o pastoreo.

"O primeiro para acabar cos lumes é non seguir a política forestal de Ence"

O relatorio de **Borxa Rei**, técnico da brigada aerotransportada, deixou claro que a causa dos lumes non se reduce unicamente a delitos perpetrados por incendiarios e pirómanos. Coa teima de cargar as culpas neles, "*a Administración pretende reducir o problema dos lumes a unha cuestión de orde pública, delincuencia e saúde mental*". Máis alá da acción dos incendiarios, explicou Borxa Rei, "*non podemos agachar que as causas do lume son moitas máis*". Entre elas, a cultura do lume que se impón diante do absentismo da Xunta: lume para destruír refugallos, limpar fincas ou crear pasteiros. E iso sen contar o fogo accidental provocado por maquinaria agrícola e forestal, neglixencias, liñas de alta tensión ou lóstregos.

Para Borxa Rei, "*sempre vai a haber lumes, e moitos deles serán de grandes dimensións debido ao tamaño das plantacións forestais. Así, o problema principal non é como se producen os lumes e as súas causas; o problema real é que, hoxe en día, os lumes acadan dimensións catastróficas e son un problema medioambiental, social e económico de primeira orde*".

"*O primeiro paso para acabar cos lumes*" concluíu Borxa, "*é non seguir a política forestal promovida por Ence*". En canto á extinción, hai demasiadas empresas e grupos de traballo diferentes, polo que cómpre unificar o servizo de extinción e ter contratado ao persoal todo o ano ou o meirande del. "*Se queremos un servizo profesional de prevención e extinción de lumes hai traballo abondo que facer todo o ano*" (rozas, queimas preventivas controladas, formación, traballo coa poboación local, etc.).

SEGUE ▸



"A principal causa dos lumes en Manzaneda son os conflitos coa Administración"

Tamén houbo nas xornadas do Madia Leva unha representación de Batefogo, un proxeto de intervención social que busca "*compaxinar eficazmente a prevención dos lumes coa dinamización económica e social do medio rural*".

E para falarnos de Batefogo estivo, a través de videoconferencia, **Miguel Pardellas**, asesor e coordinador de varios proxectos en cuestións de educación ambiental. "*Con con Batefogo*", explicou, "*pretendemos levar a cabo un proxecto de intervención social no que o principal eido de traballo son os veciños e veciñas que habitan un territorio e sofren os incendios e que, en moitas ocasións, son quen os provocan. Eles teñen a chave da solución*".

Agora mesmo, o Proxecto Batefogo está en marcha en Manzaneda (Ourense). "*Alí fixemos un completo estudo sobre os incendios que se produciron na zona nos últimos 30 anos e contrastamos esta información cos veciños e veciñas para ver se estaban de acordo coas conclusións*".

A principal causa dos lumes identificada foi o conflito coa Administración. Manzaneda é Rede Natura, o cal é identificado pola veciñanza como un problema que leva a moitos veciños a prender lume, sexa como vinganza, sexa como medio rápido para evitar trámites burocráticos. "*Este feito levounos a descubrir unha absoluta ausencia de diálogo entre a Administración e a xente. De feito, unha das primeiras propostas da xente foi a de crear unha oficina de mediación entre a Administración e a veciñanza para reducir os incendios*".



Por que arde o monte?

por **Diego Sánchez Agra,**
enxeñeiro forestal do SLG

O primeiro que se ve é o desmantelamento e privatización dos servizos de extinción. Diminución dos medios materiais e humanos, precariedade nos contratos, na formación, no equipamento e nas xornadas de traballo, toma de decisións confusa e descoordinación entre os diferentes servizos públicos e privados, etc...

Aínda así, a extinción dos lumes forestais consume a meirande parte dos orzamentos da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, destinando a este fin o montante xestionado pola Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e boa parte do que corresponde á Subdirección Xeral de Recursos Forestais, que tiña que ir dedicado ao fomento e xestión do monte.

Porque, non nos enganemos, as tarefas que chaman de prevención de incendios (rozas en faixas cortalumes, mantemento de devasas e pistas), son máis ben de apoio á extinción, xa que serven para atallar mellor o lume, pero non evitan que se produza. Ademais de que, en época de perigo alto de incendios, todo o persoal do servizo de montes está dedicado a labores relacionadas co lume.

Este verán xa escoitamos o mantra de que un servizo privado de extinción de incendios forestais sería o necesario para combater esta lacra. Pois ben, **un servizo privado nunca pode ser máis económico e efectivo que o de xestión pública**, xa que o primeiro ten que xerar, a maiores, un beneficio para a empresa. Polo tanto, no caso de ser verdade as afirmacións vertidas polo director xeral, non fan máis que constatar a mala xestión por parte da administración co cal, o máis coherente sería a súa dimisión polo mal goberno.

No tocante **á orixe do lume** e centrándonos nos incendios provocados, xa que os naturais son unha anécdota, o foco mediático sempre recae sobre os/as pirómanos/as, que en realidade supoñen unha porcentaxe reducida no conxunto dos lumes forestais. Co que nos quedan os causados por descoidos e os directamente intencionados.

Nos primeiros, aínda que as campañas estatais sempre estiveron enfocadas cara a poboación urbana, en Galiza os incendios desencadeados por malas prácticas en áreas recreativas, vías de comunicacións, etc... tampouco supoñen un número elevado, polo que debemos centrarnos nos derivados das queimas, que non teñen fácil solución. En todo caso, as propostas pasan por esixir o cumprimento das medidas de prevención, pero tamén por facilitar a realización desta práctica -habitual e tradicional no pais- para que se faga mediante autorización e baixo control e non de xeito ilegal. Por último están os incendios provocados intencionadamente. Quen prende lume? Que motivos hai para facelo? Polos debates que se producen no entorno da Consellería de Medio Rural e a teor da lexislación e medidas que sacan ao respecto, parece ser que a meirande parte está vinculada aos "outros usos" do monte: gandería, caza, etc... Aínda que, polo que podemos saber, os conflitos entre propiedade forestal e gando bravo están moi localizados e ben identificados e nunca se intentou poñerlle solución. Cabe destacar que, nos círculos que antes mencionamos, o tema da explotación madeireira e a especulación urbanística deixaron de ser un problema para o monte, e nunca o foi o despoboamento e abandono rural.

Todo isto lévanos ao terceiro factor de análise: **os usos do monte**. Dende o noso punto de vista é a parte máis importante e onde realmente radica a prevención dos lumes.

En primeiro lugar, produciuse un abandono do rural e do traballo labrego, con especial incidencia nos montes. Coa **industrialización da agricultura e da gandería**, estes quedaron totalmente desligados do tecido agrario.

A evolución foi cara ao monocultivo no monte, con especies forestais de crecemento rápido e o monocultivo no agro, con especies forraxeiras. Perdéronse os usos vinculados ao pastoreo e reducíronse notablemente as masas de frondosas e as formacións de ribeira.

Toda esta conversión tivo lugar cunha **nula ordenación do territorio**, tanto no ámbito urbanístico, como no tocante á delimitación de usos forestais e agrícolas.

Como consecuencia, produciuse unha transformación da paisaxe, perdéndose o tradicional mosaico de cultivos, o que levou a unha **desprotección total do monte, das zonas agrícolas e dos núcleos rurais.**

A industrialización do sistema agrario, o escaso traballo da administración en extensión forestal -formación e información á poboación en temas de interese como a xestión sustentable, a ordenación de montes ou as agrupacións de propietarios/as- e a produción exclusivamente madeireira, con quendas espaciadas e sen rendas intermedias, levaron a unha **diminución case total do traballo no monte**. Existindo unha boa parte de propietarios/as que non pisan o terreo dende a forestación ata o día da venta da madeira.

Tampouco axuda a imposición da **Rede Natura** e a súa xestión que, sen ter en conta á poboación residente, entende a conservación como a prohibición total de actuación sobre o terreo.

Por todo isto, **o monte deixou de ter valor, agás para especular con el**. Cando as cousas perden valor, ninguén mira por elas. Ao final só nos queda unha vaga sensación de perda de riqueza económica, ambiental e social, que se esvaece ate o verán seguinte.

Como conclusión, vemos que tódolos puntos teñen un fío común: a política forestal. Desaparecida en moitos casos e ao servizo do capital noutros tantos pero que, ao final, nos levou á situación actual. **FIN ■**

MULTINACIONAIS ▸ Uníronse ChemChina con Syngenta, Bayer con Monsanto, e farano DuPont e a Dow Chemical

Vaga de fusións industriais deixa o agro mundial en mans de tres empresas



Estes tres xigantes controlarán o 60% das sementes, o 70% dos agroquímicos e o 100% dos transxénicos

A mediados de setembro, Bayer anunciou a compra de Monsanto por uns 58.500 millóns de euros, na maior operación comercial da historia. Esta fusión nace a maior transnacional agroquímica do mundo, xa que mentres Bayer era líder mundial na fabricación de pesticidas, Monsanto era outro tanto na produción de sementes e transxénicos (co 60% do millo mundial e o 90% do millo e o 80% da soia transxénicos resistentes ao glifosato).

Este mesmo ano, ChemChina mercou a suíza Syngenta por 38.100 millóns de euros, e fusionáronse Potash e Agrium para liderar a produción de potasio. En breve, uniranse DuPont e a Dow Chemical.

Desta maneira, a industria agroquímica está cada vez concentrada en menos mans e a agricultura convencional e industrial ten cada vez menor capacidade de elección. Así, uns poucos xigantes controlan a case totalidade do negocio das sementes e dos pesticidas no mundo. Galiza é un bo exemplo disto, xa que o 80% dos agroquímicos e sementes que consume a nosa agricultura serán fabricados polo trío Bayer-Monsanto, ChemChina-Syngenta e DuPont-Dow Chemical. As tres empresas están agora mesmo en condicións de controlar o 60% das sementes, o 70% dos agroquímicos e o 100% dos transxénicos a escala mundial.



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN
GANDERÍA

SEGURIDADE NO TRABALLO
Caídas de persoas. - Accidentes causados por seres vivos.
Collidas e esmagamentos. -Riscos de maquinaria.

HIXIENE
Riscos biolóxicos. -Gases tóxicos e asfixiantes.
Substancias perigosas no ambiente. -Condicións climatolóxicas adversas. -Incendio, explosión. -Ruído.

ERGONOMÍA
Manexo de cargas. -Posicións forzadas. -Movementos repetitivos.

PSICOSOCIAL
Estrés no traballo.

ORIENTACIÓNS PREVENTIVAS PARA A MULLER TRABALLADORA

COÑECER PARA PREVER

Accede a toda a información en
www.prevencion.coagmovil.org
ou escaneando este código QR

CÓDIGO DE ACCIÓN: AE-0071/2015
CO FINANCIAMENTO DE:
FUNDACIÓN PARA LA PREVENCIÓN DE RIESGOS LABORALES
ENTIDADES SOLICITANTES:
ASAJA
UPA
CCOO industria
UGT FITAG
ENTIDADE SOLICITANTE E EXECUTANTE:
COAG
Promoción da *Estratexia Española para a Seguridade e Saúde no Traballo (2015-2020)*

FORMACIÓN ▸ Paralelamente ao evento do Sindicato Labrego Galego, celebrouse no mesmo espazo unha nova xeira de aulas da Escola de Acción Campesiña

Na busca de novos espazos de encontro para a mocidade labrega

O albergue d'As Corcerizas, en Vilar de Barrio, acolleu *Aldeas Revoltas*, un foro para mozos e mozas do rural



O Sindicato Labrego Galego, tras manter varias xuntanzas con mozos e mozas durante o último ano en cidades e vilas como Lugo, Betanzos, Vilar de Santos ou Compostela, celebrou, o 24 de setembro, un encontro de mocidade a nivel galego no albergue d'As Corcerizas, en Vilar de Barrio (Ourense), baixo o título "*Aldeas revoltas: Encontro coa mocidade labrega*".

En palabras dun dos organizadores, o mozo gandeiro Alberte Lamazares, "*tras manter varias xuntanzas con xente nova que se dedica á agricultura por toda Galiza, acadamos un coñecemento bastante completo das súas inquedanzas e problemáticas particulares. Dende o SLG, percibimos que a mocidade labrega que cre nun modelo agrario alternativo ao imperante carece de foros ou estruturas organizativas a través dos cales poder expresarse e defender os seus posicionamentos e ideas. Con este encontro, precisamente, pretendemos crear ese espazo onde confluisen os mozos e as mozas que participaron en anteriores encontros, amais doutra xente que non o fixo*".

Unha das actividades máis importantes do encontro foi o intercambio de experiencias entre as persoas participantes, xa que para quen vivimos no medio rural non é doado coñecer outra xente con inquietudes semellantes coas que compartir profesión, azos, pensamentos e soños. E nese coñecer experiencias doutras persoas, houbo unha actividade destacada: a visita á granxa de Samuel Formoso, na parroquia de Bóveda, tamén en Vilar de Barrio, que xunto coa súa dona Herminia, titular doutra explotación, conversou cos e coas participantes da rareza que supón, hoxe en día n'A Limia, seguir rexentando unha explotación de vacún de carne nunha bisbarra no que o meirande da terra se dedica ao cultivo intensivo do cereal e da pataca.

Xa pola tarde, desenvolveuse unha xeira de traballo en grupos baixo o título "*A revolta será colectiva ou non será*". Nesta revolta de diálogo e ideas buscáronse vías para articular xeitos de organización colectiva dunha mocidade labrega rebelde que soña cunha Galiza rural na que conceptos como agroecoloxía, solidariedade ou soberanía alimentaria sexan algo normal e non unha rareza como acontece hoxe en día.





O encontro Aldeas Revoltas combinou os debates e o diálogo (abaixo) con saídas de campo (arriba) nas que se coincidiu cos compañeiros e compañeiras que se xuntaron tamén n'As Corcerizas nunhas xornadas da Escola de Acción Campesiña

FLOTA DA LIBERDADE ▸ O 14 de setembro de 2016 partiu dende Barcelona a Flota da Liberdade co obxectivo de romper o bloqueo a Gaza por mar. Desta vez, estivo composta exclusivamente por mulleres para poñer en relevo a tripla opresión que sofren as palestinas: a xerada pola ocupación israelí, a causada polo patriarcado e, non menos relevante, a xerada pola mirada occidental, que as relega a un papel doméstico e pasivo. Unha imaxe completamente equivocada. A singradura remataba o 5 de outubro, cando a armada israelí secuestrou o Zaytuna-Oliva a 70 quilómetros de Gaza, en augas internacionais nas que non tiña xurisdicción.

Naveguemos coas mulleres rumbo a Gaza

"Non os imos matar de fame, pero ímolos someter a unha dieta extrema de adelgazamento"

Dov Weisglass, asesor do primeiro ministro de Israel, Ariel Sharon, ao anunciar o inicio do bloqueo sobre Gaza en 2006



A responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, participou na rolda de prensa de apoio á Frota da Liberdade en Galiza

Os estados de Israel, Exipto e os seus aliados teñen levado a cabo un bloqueo a Gaza iniciado en 2007 por terra, mar e aire; pero a ocupación/invasión do territorio palestino xa dura 67 anos, contando sempre co apoio das principais economías e grupos empresariais internacionais.

Esa ocupación/invasión do territorio palestino vén acompañada de ataques armados que destrúen casas, escolas, hospitais, rúas, e matan miles de persoas. Ademais da violencia directa, tense levado a cabo restricións de todo o que é básico para a vida como auga, terras, sementes, electricidade, etcétera, o que fai máis difícil a realización das tarefas básicas do día a día. A isto habería que sumar, ademais, outras restricións como no desprazamento entre aldeas ou mesmo rúas, os controis militares, as barreiras de separación (muros) ou os toques de queda, por só citar algunhas. Todo iso ten impedido ás persoas facer ou refacer as súas vidas. Actos tan cotiáns para a nosa rapazada como ir ao colexio ou xogar na rúa, para os nenos e nenas de Palestina supoñen un perigo constante no que arriscan as súas vidas.

Durante todos estes anos, fomos testemuña dese apartheid, da limpeza étnica do pobo palestino e da súa colonización. En consecuencia, labregas e labregos perderon as súas terras, as súas casas están sendo destruídas e a súa reconstrución impedidas. Mais de 800.000 hectáreas xa foron desapropiadas das mans de familias palestinas e están sendo ocupadas por colonos israelí sionistas oriúndos de diferentes partes do mundo[1]. Mais de 700.000 palestinos e palestinas son persoas refuxiadas na súa propia terra. Da mesma forma, ás familias mariñeiras impídeselles pescar a máis de 3 millas náuticas[2] da costa e a pesares de que o Acordo de Oslo lles conceda permiso para facelo a 20 millas náuticas. Polo tanto, a agricultura e a pesca resultan actividades insuficientes para servir de sustento familiar.

Como vivir nunha situación coma esta? Que facer? Algunhas mulleres tentan crear empregos por si mesmas. Un deles é "6 flores", experiencia nacida en 2014 por iniciativa dun grupo de mulleres que decidiron pór á venda os bordados tradicionais gazatíes. Despois dunha experiencia de éxito, venderon seus traballos a Qatar e obtiveron algúns ingresos. Pero cando tentaron comerciar con outros países, Israel non o permitiu. Ese é un símbolo de como Israel nega a Gaza a posibilidade de prosperar.

Un pobo que sobrevive grazas á coraxe das mulleres

Por todo iso, falar de Palestina tamén é falar de resistencias, de loitas e revoltas, sendo innegábeis as contribucións que as mulleres teñen dado pola liberación do seu pobo. Elas son unha inspiración e exemplo para todas as persoas que desexamos un mundo mellor. Elas non calaron nunca. Son líderes e participan activamente en marchas, concentracións e protestas pola liberación de seus familiares e amigas que están nos cárceres israelís, organizan boicots contra os produtos e grupos sionistas, continúan a plantar nas súas leiras, reconstrúen casas pese ás consecuencias de facelo, articúlanse para prestar servizos de educación e saúde polas aldeas e campos de refuxiados, etcétera. Día tras día, as mulleres palestinas desafían os bloqueos, as balas, as bombas e as leis inxustas implantadas por Israel ou polo machismo da súa sociedade en busca dunha vida libre e digna.

Viva a loita das mulleres palestinas!

Non podemos deixar que esa colonización e exterminio sigan. É preciso apoiar todas esas persoas que loitan pola soberanía do seu pobo, polo dereito á liberdade e a poder sentirse seguras e a salvas.

Unha das formas de apoiar esa loita é colaborar co boicot a Israel e apoiar o desinvestimento e as sancións a este estado (tes toda a información en **boicotisrel.net**)

Por iso, solidarizámonos coa causa do pobo palestino e reforzamos o boicot a todos os produtos e servizos do Estado de Israel. Repudiamos a colaboración do Estado Español e da UE ao proxecto Europeo Law-Train para desenvolver a tecnoloxía e unificar métodos de interrogatorios policiais, lexitimando practicas israelís de control e represión militar que inclúen a tortura. Tamén rexeitamos os acordos de cooperación da Universidade de Santiago con universidades sionistas, participando así na violación dos dereitos humanos en Palestina.

Para romper este bloqueo, partiu dende Barcelona un barco: o Zaytouna-Oliva, que simbolilza a oliveira, a árbore da vida e un dos piares da agricultura palestina. A tripulación estivo formada, entre outras, por mulleres como **Mairead Maguire** (Premio Nobel da Pa en 1976 e activista pola pacificación de Irlanda do Norte), **Marama Davidson** (deputada do Partido Verde de Nova Zelandia, Aortearoa), **Naomi Wallace** (dramaturga e guionista de Estados Unidos), **Gerd von der Lippe** (atleta, académica e activista de Noruega), **Cigdem Topçuoglu** (atleta profesional e adestradora cuxo marido foi asasinado a bordo do Mavi Marmara en 2010, de Turquía), **Fauziah Mohd Hasan** (doutora e traballadora humanitaria de Malaisia), **Eva Manly** (documentalista e fotógrafa de Canadá), **Marilyn Porter** (profesora universitaria, activista e académica de Canadá) e **Wendy Goldsmith** (traballadora social e activista de Canadá)[3].

Por desgraza, tampouco puidemos romper o bloqueo desta vez. O 5 de outubro, en augas internacionais, a 70 quilómetros de Gaza, a armada israelí perpetraba un acto de piratería e secuestraba o Zaytuna-Oliva. De inmediato, sucedéronse manifestacións en todo o mundo e condenouse, unha vez máis, a abordaxe e o apartheid co que Israel está a someter a vida de todo un pobo.

[1]Para afondar nesta cuestión, podes ler a reportaxe *O exército israelí masacra a agricultura e as organizacións do campo palestinas* (páxs. 24, 25 do Fouce 303).
[2]A milla náutica equivale a 1.852 metros.
[3]Se queres cumprida información sobre a Flota da Liberdade visita o seu blog en: **wbg.freedomflotilla.org/es/**



Arzúa foi a primeira vila en acoller esta xeira de obradoiros cun titulado "Somos máis que corpo-máquina"

FORMACIÓN ▸ Comezaron en Arzúa e Muxía, e celebraranse en vilas e cidades como A Estrada, O Rosal, Betanzos, Teixeiro, Chantada ou Lugo

Obradoiros da Secretaría das Mulleres para coñecérmonos as labregas

A Secretaría das Mulleres vén de iniciar unha serie de obradoiros dirixidos a labregas que, ao longo deste outono, irán desenvolvéndose en diversas localidades de Galiza baixo a coordinación da técnica responsábel do Punto Delas, Rebeca Raso. O primeiro dos cursos celebrouse en Arzúa, o pasado 26 de setembro, baixo o título "*Somos máis que corpo-máquina*". Segundo explicou Rebeca, "*neste obradoiro tratamos de reconectar os sentidos e a razón para mellor vivir. Foi un primeiro encontro doutros que pretendemos facer nesta zona*".

Os cursos tiveron continuidade en Muxía, o 13 de outubro; en Betanzos, o 27 de outubro; e n'A Estrada, o 31 de outubro. Dentro da programación (ver sección Eira), estaban previstas actividades en Friol e Póboa de San Xiao (10 de novembro), Teixeiro (14 de novembro), Lalín (15 de novembro), Meira (16 de novembro), Chantada (17 de novembro), Vilalba (18 de novembro) e O Rosal (2 de decembro).

Se estás interesada en inscribirte ou saber máis, ponte en contacto coa oficina do SLG na túa comarca e infórmate.



Cursos para afiliadas da Secretaría das Mulleres en Friol, Láncara, Lalín, Teixeiro, Meira, Vilalba e O Rosal

En setembro, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego iniciaba unha serie de obradoiros dirixidos a afiliadas que terán continuidade até finais de ano. Ao peche deste Fouce, estaban previstos os seguintes:

- **10 de novembro, FRIOL:** ***"Por que se rebelan as mulleres?"***. De 10:30 a 13:30 horas, en Casa Benigno (rúa Ramón y Cajal 13-15).
- **10 de novembro, PÓBOA DE SAN XIAO (LÁNCARA):** ***"Somos máis que corpo-máquina"***. De 16:30 a 19:30 horas, no Polifuncional do Campo da Feira.
- **14 de novembro, TEIXEIRO:** ***"Somos máis que corpo-máquina"***. De 16:00 a 18:30 horas, no local do SLG en Teixeiro (rúa Martínez Pardo 13).
- **15 de novembro, LALÍN:** ***"Somos máis que corpo-máquina"***. No local do SLG en Lalín (rúa Monte Faro 38).
- **16 de novembro, MEIRA:** ***"Para falar de sexo e de xénero"***. Ás 16:00 horas, na Casa de Cultura de Meira.
- **17 novembro, CHANTADA:** ***"Do global ao local, ¿como están as mulleres?"***. De16:00 a 19:00 horas, no local do SLG en Chantada (rúa Emilia Pardo Bazán 11).
- **18 de novembro, VILALBA:** ***"Por que se rebelan as mulleres?"***. Horario de mañá e tarde, no local do SLG en Vilalba (rúa do Cuartel 1).

Se estás interesada en participar en calquera destes obradoiros, podes obter máis información ou inscribirte na oficina do SLG da túa comarca, chamando á sede nacional (981 554 147, preguntar por Rebeca) ou escribindo a puntodelas@galicia.com

Aberto o prazo para arrendar parcelas do Banco de Terras

O prazo para solicitar o arrendamento de parcelas do Banco de Terras de Galicia está aberto dende o 1 de outubro até o **30 de novembro**. Os arrendamentos son por un período de 5 anos e, en caso de desexar arrendar por un período maior, o propietario deberá dar o seu consentimento. Se un propietario desexa incorporar unha parcela ao Banco de Terras pode realizar os trámites ao longo de todo o ano.

Existen uns prezos de refererencia para cada parroquia, segundo sexa terreo de labradío, de prado, forestal, inculto ou de pasto e mato ou de cultivos leñosos.

Para calquera consulta, podes recorrer á web do Bantegal. chamar ao 881 997 193 ou enviar unha mensaxe ao enderezo de correo electrónico bancodeterras@xunta.gal

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaranse do seguinte xeito:

- ✔ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✔ Historia laboral.
- ✔ Exploración física específica.
- ✔ Estudos complementarios:
- ✔ Control-visión.
- ✔ Tonometría.
- ✔ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✔ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✔ Impedanciometría.
- ✔ Electrocardiograma.
- ✔ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.
- ✔ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.
- ✔ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.
- ✔ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificara a documentación que debes achegar.

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA



Curso de transformación de lácteos en Compostela

O Sindicato Labrego Galego, coa colaboración do Concello de Santiago, organiza un curso sobre transformación de derivados lácteos que se desenvolverá do 28 de novembro ao 2 de decembro.

O curso terá lugar no centro social de A Gracia (San Salvador 6, Santiago de Compostela, moi preto do Polígono Industrial do Tambre). Pódese elixir horario de mañá ou tarde

Se precisas información ou queres inscribirte, contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego Galego



I Foro Labrego de Agroecoloxía

Betanzos, 4 de decembro de 2016,

de 10:00 a 20:00 no antigo matadoiro - zona Ribeira

Información e inscrición: 981 554 147 e nacional@sindicatolabrego.com

Contaremos coa participación de especialistas e colectivos de recoñecido prestixio no eido da agroecoloxía a nivel internacional e galego

10:00. A potencialidade da agroecoloxía en Galiza.
11:30. Experiencias agroecolóxicas de produción.
12:50. Experiencias agroecolóxicas de transformación.
14:15. Xantar ecolóxico.
16:00. Organizacións sociais e de consumo que traballan pola soberanía alimentaria.
18:00. Traballo en grupos estruturados nos seguintes eixes: grupos de consumo, socio-económico, mercados, transformación de produtos agroecolóxicos, SPGs, políticas públicas, produción agroecolóxica.
20:00. Valoración e peche da xornada.

FINANCIA: Deputación DA CORUÑA

ORGANIZA: ASOCIACIÓN HERBAMOURA

COLABORA: sindicato labrego galego comisións labregas

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese
-Cabra e cabrito de 10 meses.
☎981 790 331

Véndense
-Rolos de herba seca en Poulo (Ordes).
☎659 763 966

Véndense
-Xovencas próximas ao parto.
-Rotativa Marangon MDW245
-Tanque de frío trifásico de 600 litros.
☎636 256 131

Véndense
-Millo para ensilar.
-Camión con caixa isotérmica, plataforma elevadora e 9500 Kg de carga total.
En Oroso (A Coruña)
☎610 454 798

Véndese
-Segadora rotativa Covesa, con 2'10 de corte.
En Mesía (A Coruña).
☎659 927 961

Véndese
-Renault Megane con 170.000 Km. e 15 anos. Ten gancho para remolque, cinco portas e o propietario é unha persoa maior.
☎659 993 345

Véndese
-Touro Limousin. Menos de 4 anos e moi manso. Na zona de Lugo.
☎685 884 257

Véndense
-Rotativa de 2 Tambores e 1,85m .
-Tractor Ebro 470 con pa, dobre embrague e dirección.
-Remolque esparexedor de esterco.
☎667 49 99 62

Véndense
-Vacas do pais. Zona de Melide (A Coruña)
☎617 243 526

Véndese
-Pincho hidráulico para tractor: 2 botellas, cazo e forcada.
-Ferramentas de albanelería.
Prezo a negociar.
☎676 739 142

Véndense
-Crías de can de palleiro nacidos o 25 de xuño.
☎676 268 464 (Vítor)

Véndese
-Motosegadora Bertolini Anvaso, motor Lombardini.
☎686 596 260 (Ovidio)

Véndese:
-Tractor Renault 113-14-TX.
-Rastrillo Fella N425 de xuntar a herba de un rotor.
-Estendedor Fella N540 hydro de 4 rotores.
-Segadora rotativa Vicon de 2,17 de corte.
-Remolque de botella.
-Furador para poñer estacas.
-Autocargador Marangón.
☎649 310 981 ou escribir a antoñitosalgado@gmail.com (Antonio)

Véndense
-2 vacas en Monfero (A Coruña).
☎981 196 689

Véndense
-Vacas de raza Rubia Galega, baleiras, preñadas ou con becerros. por cese de granxa.
-Herba seca empacada.
Por cese de granxa en Guntín de Pallares (Lugo).
☎982 160 282

Véndese
-Bebedeiro de 2.000 litros galvanizado, seminovo.
☎637 545 179

Véndese
-Abono de vaca a 70€-tractor.
-Becerras de 8 meses, de raza Rubia Galega.
☎660 136 414.

Véndese
-Sulfatadora de tractor de 450 litros e 6 m. de ancho de brazos, coa bomba nova.
☎610 258 060

Véndese
-Remolque para transportar quad.
☎696 090 165

Véndese
-Sala de muxido Fullwood de 8 puntos. En bo estado.
-Desensiladora BVL en moi bo estado.
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese
-Autocargador-picador Campeva RCP-2000. Sistema de carga con rotor. Todo hidráulico. Documentación e ITV ao día. Zona de Guntín (Lugo).
☎646 272 199

Véndese
-Empacadora Massey-Ferguson
☎636 154 317

Véndese
-Tanque Alfa Laval de 520 l. En perfecto estado.
☎629 324 129

Véndese
-Rotativa Kuhn GMD-355 Select E con 2'5 m. de corte e 5 pratos.
-Rotativa Fella SM 208 con 2'5 m. de corte.
☎669 046 856 (Luís)

Véndense
-Cabras novas.
-Cabras e ovellas parideiras.
En Oza dos Ríos (A Coruña).
☎670 895 789

Véndese
-Cepilladora en bo estado.
☎617 946 582

Véndese
-Autocargador rotativo.
☎679 811 367

Véndese
-Granxa de tenreiros con finca pechada e dereitos de pagamento básico. En Couso de Limia (Sandiás). Por xubilación.
☎600 883 215

Véndese
-Arado de vertedeira marca Gómez.
-3 vertedeiras con volteo hidráulico de 16" con tapa de rastrollos.
☎650 019 275 (Xosé Antonio)

Véndese
-Cisterna hidráulica de 4.000 litros, en Olas (Mesía).
☎ 981 694 242

Véndese
-Sala de muxido trifásica Gascoigne-Melotte de 6 puntos e 6 pulsadores electrónicos con lavado automático. Por xubilación.
☎981 695 542 / 648118 865

Véndense
-Viño branco do Rosal.
-Augardente branca.
-Augardente de herbas.
-Licor café.
-Licor de cilantro.
-Licor de limón.
☎678 085 696

Véndense
-Xovencas próximas ao parto.
-Vacas de leite.
En Monfero.
☎650 418 563

Alúgase
-Arado Riper para facer regos de plantacións.
☎659 993 345 (Xoán)

Véndense
-Xato de raza Rubia Galega.
-Citroën C4.
-Quad.
Zona do Corgo (Lugo).
☎689 752 400 / 690 295 681

Véndense
-Boi Limousin de 3 anos. En Lugo.
☎649 147 614

Véndense
-Becerros Limousin.
☎685 884 257

Véndese
-Touro raza Blonde de 7 anos. Moi manso.
Preguntar por Xabier.
☎600 830 624

Véndense
-Esparexedor de esterco novo, a estrear.
Na zona de Becerreá.
☎982 151 767 / 678 178 826

Véndense
-Tractores Deutz 150, Same 110, Renault 110/54
-Emboladora.
-Plastificadora.
-Estendedor seminovo.
-Audi 80.
☎606 616 139 (Deza)

Véndense
-Viño do país e Barrantes.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese
-Remolque para transporte do gando de 1'9 m. de longo e 1'20 m. de ancho.
☎628 579 310

Véndese
-Moto Aprilia RS de 50 cc
☎649 816 773

Véndense
-Xovencas preñadas ou paridas con carta xenealóxica e as garantías sanitarias da ADS de Mesía.
-Herba para ensilar ou secar de raigrás italiano.
☎659 927 961

Véndese
-Xovenca preñada de raza Rubia Galega de 20 meses.
☎660 136 414

Véndese
-Centeo, en fariña e en gran. Envíos a toda Galiza.
☎686 783 800

Véndense
-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Grada de discos de 16 discos 24 pulgadas. Ambas en perfecto estado.
Zona de Friol.
☎630 561 310

Véndese
-Coitela-nivelador de 4 posicións e cazo de 1'50 para pincho hidráulico.
☎649 147 614

OUTROS

Búscase
-Cadela perdida de raza Pastor Alemán. En Ledoira (Frades).
Recompensarase á persoa que a atope.
☎655 586 394

EMPREGO

Fanse
-Raiados de patios (desgaste) en cortes para vacas.
☎679 098 211 (Silvia)
☎650 894 565 (Iván)

Precísase
-Persoa para traballar nunha explotación de vacún leite.
☎981 196 861 / 608 895 684

Precísase
-Persoa para traballar nunha explotación de leite en Visantoña (Mesía, A Coruña).
☎607 671 058 / 981 694 294

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

TELÉFONO DE EMERXENCIA
PARA CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES
016
Non permitas que te maltraten!
Chamada gratuíta e secreta
(non se rexistra no recibo)

delas
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE invírte no teu futuro"
XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade
COLABORA:
Secretaría das mulleres
PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

FOUCE 313
Setembro-Outubro 16
sindicato labrego galego
comisións labregas

Alazne Intxauspe ▸ Labrega e portavoz da Executiva de EHNE-Bizkaia

Alazne é unha labrega vasca que, xunto ao seu compañeiro Jon, rexenta unha explotación de horta ecolóxica e produción de ovos e conservas no baserri Iparagirre, pola beira de Durango. A maiores, Alazne desenvolve unha intensa actividade como integrante da Executiva de EHNE-Bizkaia, da que é portavoz; e foi, xunto a Unai Aranguren, a encargada de presentar a VII Conferencia Internacional da Vía Campesina, que se celebrará en Euskadi o ano que vén e da que falamos longo na presente entrevista.

"A Conferencia da Vía Campesina porá as temáticas labregas na axenda política"

✔ Como se vos ocorreu a posibilidade de que Euskal Herria fose o escenario dunha conferencia internacional da Vía Campesina?

En EHNE Bizkaia contemplamos a posibilidade de acoller a VII Conferencia na antesala da VI Conferencia de Iacarta, celebrada en 2013. Foi aí cando soubemos que a sétima edición desta asemblea ía celebrarse en Europa e cadrou con que en Iacarta presentabamos a Unai Aranguren como candidato a membro do Comité de Coordinación Internacional da Vía Campesina. Para EHNE Bizkaia sempre foi unha prioridade construír vencellos entre o local e o global, e pareceunos unha boa oportunidade para poñer as temáticas labregas tanto na axenda política local como na internacional.

✔ Tedes fixado o calendario?

A Conferencia durará nove días, dende o 15 ao 24 de xullo de 2017. O 15 e o 16, celebrarase a Asemblea da Mocidade, e os días 17 e 18, a Asemblea das Mulleres. Xa o 19 de xuño, teremos a apertura da VII Conferencia da Vía Campesina, que durará até o día 22. O 23 de xuño teremos un acto público en Bilbao, e o 24 realizaremos visitas de campo. Tamén estamos pensando na posibilidade de que, do 25 ao 28 de xullo, unha parte das delegacións asistentes poidan quedar para facer pasantías por diversas zonas.

✔ E cantas persoas está previsto que asistan?

Estamos a facer cálculos segundo as cifras da anterior conferencia en Iacarta. A partir de aí, prevemos que as persoas delegadas rolden entre 450 e 500. A isto habería que sumarlle o staff técnico e colectivo da tradución. Ademais, hai que contar coas persoas de aquí que poidan participar nos espazos abertos. Polo tanto, agora mesmo é difícil facer un cálculo exacto de asistencia, pero estimamos que eses días andarán por Derio, a localidade onde se vai celebrar a Conferencia, máis de 600 persoas relacionadas coa Vía Campesina por xornada.

✔ Normalmente, sempre hai eventos relacionados coas conferencias da Vía Campesina de cara a reforzar a súa axenda. En Euskadi será así, tamén?

Para nós é moi importante a Conferencia, pero tamén o é o camiño a percorrer antes e despois dela. Por iso, estamos inmersos e inmersas nunha axenda de quecemento previo. Por exemplo, o 16 de abril fixemos o lanzamento oficial do evento cun acto en Bilbao para presentar, diante da sociedade vasca, a VII Conferencia, e onde fixemos público o video-clip da canción oficial. Do 8 ao 12 de xuño, contamos coa presenza do grupo facilitador do Comité Coordinador Internacional da Vía Campesina para darlle carácter internacional.

Este mesmo mes, os días 16 e 17 de novembro, realizaremos en Donosti un seminario europeo sobre a construción de políticas públicas a nivel local. Para marzo e abril de 2017, estamos a traballar nunhas xornadas onde participarán expertos e expertas internacionais co obxectivo de reflexionar sobre a dirección que tomará a alimentación nas vindeiras dúas ou tres décadas. Queremos aproveitar tamén o 17 de abril, Día da Loita Labrega, para presentar un libro que recollerá a historia do movemento labrego vasco.

Por outra banda, durante os días nos que se celebre a conferencia, queremos ter unha axenda de actividades paralelas para que poidan participar nelas todas as persoas que non son delegadas.

✔ Catro anos despois da Conferencia de Iacarta, ¿houbo algunha variación importante na axenda da Vía Campesina?

Creo que os temas a tratar da Vía Campesina van ser, máis ou menos, os mesmos. Aínda que pode ser que cuestións como as migracións, os dereitos labregos ou os tratados de libre comercio pasen a un primeiro plano. Iso non vai quitar que se traten tamén cuestións esenciais para a Vía Campesina como a mocidade, as mulleres, as sementes, os mercados, o cambio climático, etcétera.

